DEPUTACIÓN DE LUGO

**ACTA XUNTA DE GOBERNO**

**SESIÓN ORDINARIA DE TRES DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO**

**Presidente:**
D. Efrén Castro Caloto

**Sres/as. Deputados/as:**
Dª. Mª. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Carlos López López
Dª. Iria Castro Fernández

**Secretaria:**
Dª. Leticia Rodríguez Díaz

**Interventora:**
Dª. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **tres de outubro de dous mil vinte e cinco**, baixo a Presidencia do Vicepresidente D. Efrén Castro Caloto, por ausencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/ as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria a Xefa do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos dona Leticia Rodríguez Díaz e asiste a Interventora Dª. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten o Sr. Presidente don José Tomé Roca, e os señores deputados Miguel Fernández Méndez, don Xosé María Arias Fernández e don Iván Castro Díaz.




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 1/103 |

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E SEIS DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de setembro de dous mil vinte e cinco que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

**2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EMULSIÓN ASFÁLTICA C65B3 TRG (ASIMILABLE A ANTIGA ECR-2) DE ACORDO COA NORMA UNE-EN 13808:2013. 1ª MODIFICACIÓN XULLO 2014 PARA O PARQUE MÓBIL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración de emulsión asfáltica C65B3 TRG (asimilable a antiga ECR-2) de acordo ca norma UNE-EN 13808:2013. 1ª modificación xullo 2014 para o parque móbil da Deputación provincial de Lugo. expediente nº: 2025/con_02/000102, consta no mesmo:

1. Proposta de inicio de expediente e memoria xustificativa do contrato con CSV: IV7TG2IC2A5STHO5WZACEHRVEE.
2. Prego de prescricións técnicas, asinado polo Xefe do Parque Móbil, con CSV: IV7TEMAKHVEOZS6CSBUW6DQB6Q.
3. Informe de Intervención Xeral con CSV: IV7TFQJKZZFJTPNO6MERCHRW4E.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7TG2Z6HY5CJ2UJWR4SMRQSB4.
5. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7TG2Z4NTXCLBJD4AOGGLQXGA.
6. Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a contratación da subministración de emulsión asfáltica C65B3 TRG (asimilable a antiga ECR-2) de acordo ca norma UNE-EN 13808:2013. 1ª modificación xullo 2014 para o parque móbil da Deputación provincial de Lugo. expediente nº: 2025/con_02/000102 para unha duración de un ano, prorrogable por outro.

**2º.-** Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 2/103 |

establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de valoración, para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

**3º.-** Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto, de conformidade co establecido no artigo 131 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; considerando o carácter ordinario da súa aplicación, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

**4º.-** Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 1.250.000,00 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 262.500,00 €, o que fai un total de 1.512.500,00 €., de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP, atendendo ao seguinte desglose:

Anualidade 2025: 90.000,00
Anualidade 2026: 1.422.500,00

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria 9201.210, do orzamento de gastos do 2025, polo importe relacionado, para a anualidade 2025.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluir nos orzamentos da anualidade 2026 a cantidade indicada na aplicación orzamentaria que corresponda."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 3/103 |

**3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO DEPORTIVO DE EQUIPOS (SOCIEDADES ANÓNIMAS DEPORTIVAS) DE CATEGORÍAS ESTATAIS CO FIN DE PROMOCIONAR A MARCA A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE OU CALQUERA OUTRA MARCA/ IMAXE/ MENSAXE DA DEPUTACIÓN DE LUGO/ PROVINCIA DE LUGO. CLUB DEPORTIVO LUGO SAD. DISCIPLINA: FÚTBOL. TEMPORADA 2025-2026.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación do expediente de contratación do patrocinio publicitario deportivo de equipos (Sociedades Anónimas) de categorías estatais co fin de promocionar a marca A Deputación de Lugo co Deporte, ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo/ Provincia de Lugo. Tempada 2025-2026 EXPEDIENTE Nº: 2025/CON_02/000098, consta no mesmo:

1. Solicitude de consignación orzamentaria, con CSV: IV7TEX7TDREKKTJ32DUT64KW6E.
2. Memoria Xustificativa con CSV: IV7TEX7TDVWDTXVDQYUFIV3FMA.
3. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7TEMCCLFNSVPM7WJMW4AA6EU.
4. Pregos de prescricións técnicas, con CSV: IV7TEUDKL7UNTTODRVUUAUKWAY.
5. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7TG6CSOBUSL5EIQUFUDZTQKE.
6. Informe xurídico firmado pola Xefa do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7TG6BLZJZ24TE3UVXT4EAE74.
7. Fiscalización limitada previa.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a contratación do patrocinio publicitario deportivo de equipos (Sociedades Anónimas) de categorías estatais co fin de promocionar a marca A Deputación de Lugo co Deporte, ou calquera outra marca/ imaxe/ mensaxe da Deputación de Lugo/ Provincia de Lugo. Tempada 2025-2026.

**2º.-** Aprobar o contido íntegro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de adxudicación e de negociación, considerando a adecuación dos criterios e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade- prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público. Incorpórase




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 4/103 |

á contratación o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación de condicións especiais de execución e esixencia de cumprimento da normativa laboral.

**3º.-** Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento negociado sen publicidade con varios criterios de negociación, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a) 2, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, e con aplicación dos criterios que se detallan no PCAP para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos han de ser obxecto de negociación). E, de conformidade co previsto na normativa, dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite ao Club Deportivo Lugo SAD a través das direccións habilitadas na Plataforma de Contratos do Estado (www.contrataciondelestado.es), facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse convite aos licitadores.

**4º.-** Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a a 330.000,00 € euros, aos que se engadirán 69.300,00 € (21%) en concepto de IVE, o que fai un total de 399.300,00 €."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL INFORMÁTICO NON INVENTARIABLE PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO "Y PARA DIGITALIZARSE LUGO", DENTRO DO PROGRAMA "RETO RURAL DIGITAL" NO MARCO DO "PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA- FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA- *NEXTGENERATION EU*"– COMPOÑENTE C19 INVERSIÓN I1.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da subministración de material informático non inventariable para a execución do proxecto "Y para digitalizarse Lugo", dentro do programa "Reto rural digital" no marco do "Plan de recuperación, transformación e resiliencia- financiado pola Unión Europea- *Next Generation EU*"– Compoñente C19 Inversión I1, consta no mesmo:





| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 5/103 |

*Antecedentes*.

1. Memoria xustificativa do contrato, e motivación da urxencia da contratación con CSV: IV7TE37CB4VP4XEJTVFVGNLOMA.
2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7TEIJS2EUZJFGN3RVF4MQB4U.
3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7TE37DLIZLQWXK5Q6U4NABCM.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7TG6L5KENZJJOYAMGRGRHF4U.
5. Informe da Secretaría Xeral, con CSV: IV7TG6LTLEOTTGROU4GE4ZDCEQ.
6. Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Declarar a urxencia do expediente para a contratación da subministración de material informático non inventariable para a execución do proxecto "Y para digitalizarse Lugo", dentro do programa "Reto rural digital" no marco do "Plan de recuperación, transformación e resiliencia- financiado pola Unión Europea- *Next Generation EU"* – Compoñente C19 Inversión I1, motivada a urxencia nas razóns de interés público que se recollen na Memoria Xustificativa.

**2º.-** Aprobar a contratación da subministración de material informático non inventariable para a execución do proxecto "Y para digitalizarse Lugo", dentro do programa "Reto rural digital" no marco do "Plan de recuperación, transformación e resiliencia- financiado pola Unión Europea- *Next Generation EU*" – Compoñente C19 Inversión I1

**3º.-** Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, así como o/s criterio/s que se recolle/n para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

**4º.-** Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento simplificado "sumario", dado o importe da licitación, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 6/103 |

Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

**5º.-** Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 41.322,31 €, aos que se aplicará un IVE do 21%, 8.677,69 € o que fai un total de 50.000€ de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA ILUMINACIÓN NAVIDEÑA DA FACHADA DO PAZO DE SAN MARCOS.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación do expediente de contratación da iluminación Navideña da fachada do Pazo de San Marcos, consta no mesmo:

1. Providencia de inicio e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7TFT3P3F6J7SP3CL6A6RLVCA e IV7TGXCLZJM4X6XL2JHHGAKO6Y respectivamente.
2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7TFTY6BAVI5TXCQEMCCIBTPY.
3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7TGXCL2H5NLSFKCZFVOQSWGI.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7TG4JTDMXD5VJ6CZ7X4BLGAE.
5. Informe xurídico firmado pola Xefa do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7TG4IIYEXPKS4LRT6NKD2XAM.
6. Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a contratación da iluminación Navideña da fachada do Pazo de San Marcos.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 7/103 |

**2º.-** Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, así como os criterios que se recollen para a selección da mellor oferta e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

**3º.-** Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento simplificado "sumario", dado o importe da licitación, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

**4º.-** Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato, que ascende a 12.639,99 €, ao que se aplicará un IVE do 21%,2.654,40 €, o que fai un total de 15.294,39 €, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP. O gasto financiarase con cargo á aplicación 9200.203 do orzamento de gastos do 2025, pola cantidade de 15.294,39€,segundo consta no informe de consignación da Intervención."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**6.- DECLARACIÓN DE DESERTO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E REPARACIÓNS DOS TRACTORES E MAQUINARIA DA GRANXA GAYOSO CASTRO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vistos os antecedentes que se relacionan a continuación:

1. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7TWKR3NEE5VSR24T4M6JJ6EY.
2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7TS7I2PYXL52POWZPGM3YVGI.
3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7T5UK33R7TJ6VOYNPQARTSBY.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7H5TAN2F5JX5E7YYEBGIPON4.
5. Informe xurídico asinado pola xefa do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7TY7XCZVR6TX54QPWUA7SWAY.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 8/103 |

6. Fiscalización limitada previa do expediente.
7. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7TY7XYPP7LXNEJ7X4XGZXDE4.
8. Acordo da Xunta de Goberno do 29 de agosto de 2025, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7TYOH7OD5KJKZ2WH6ED33BOQ.
9. Publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 03/09/2025.

10. Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 22 de setembro de 2025, na que se recolle o seguinte:

“Segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento son os seguintes:

Doval Maquinaria S.L.

Procédese á apertura do sobre electrónico único, no que consta a documentación administrativa correcta presentada pola empresa, tanto en forma coma en prazo. A Mesa de contratación acorda admitir a proposta presentada ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procédese ao exame do Anexo II (modelo de proposición económica con criterios avaliables automaticamente mediante fórmulas matemáticas), cos seguintes resultados:

| LICITADOR | OFERTA (% desconto) |
|---|---|
| DOVAL MAQUINARIA S.L. | 11. 5% |

Atendendo ao recollido no apartado K do cadro resumo do PCAP; no que se recolle que:

“...
(1) Respecto das, pezas, o adxudicatario deberá aportar, xunto coa oferta (Anexo II) as tarifas reflectidas na guía oficial de taxacións ou aplicación de uso xeral a tal efecto, gtmotive, audatext ou similar , garantindo o acceso da administración a dita ferramenta de valoración durante toda a execución do contrato.




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 9/103 |

(2) Para o caso das actuacións relativas aos pneumáticos para todos os vehículos especiais e máquinas os licitadores achegarán o listado de tarifas oficiais.
Respecto de pezas non incluídas nas aplicacións, achegarase a guía ou tarifa de prezos, as pezas non incluídas nin na aplicación nin na guía ou tarifa serán facturadas segundo o recollido no PPT.
É obrigatorio que os licitadores acheguen a ferramenta ou as tarifas, non se admitirá ningunha oferta que non as achegue
...",

A mesa de contratación acorda propoñer ao órgano de contratación excluír a oferta presentada por Doval Maquinaria S.L., por non achegar xunto co Anexo II as tarifas descritas nos párrafos anteriores relativas ao apartado K do cadro resumo do PCAP.

Visto o que antecede, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

1.- Excluír a proposta presentada pola empresa Doval Maquinaria S.L., por non achegar xunto co Anexo II as tarifas descritas no apartado K do cadro resumo do PCAP.".

E tendo en conta que o contido e a tramitación foi conforme coa normativa de aplicación, en virtude da competencia que corresponde ao órgano de contratación, e a vista do exposto, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Declarar deserto o procedemento 2025/CON_02/000080, contratación do servizo de mantemento e reparacións dos tractores e maquinaria da Granxa Gayoso Castro, á vista da proposta da mesa de contratación do 22 de setembro de 2025, na que se acordou elevar ao órgano de contratación a declaración de deserto do procedemento ao inadmitir a proposta presentada pola empresa Doval Maquinaria S.L., por non achegar xunto co Anexo II as tarifas descritas no apartado K do cadro resumo do PCAP.

**2º.-** Publicar este acordo na Plataforma de Contratos do Sector Público e dar traslado do mesmo ao Parque Móbil aos efectos do seu coñecemento."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**7.- DECLARACIÓN DE DESERTO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MECANIZADOS DO PARQUE MÓBIL PROVINCIAL.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vistos os antecedentes que se relacionan a continuación:




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 10/103 |

1. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7TQ2IYBIFJ574Y6QIB4YXT4E.
2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7TSP33PVBCZSE5BV5QGEL76A.
3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7T5UKL3V5L7LP4BVIXEFZBA4.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7TY7X7FM757CZKU5HR6B7DIU.
5. Informe xurídico asinado pola xefa do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7TY73IN4B43DV4CUVNA4HGL4.
6. Fiscalización limitada previa do expediente.
7. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7TY7XYPP7LXNEJ7X4XGZXDE4.
8. Acordo da Xunta de Goberno do 29 de agosto de 2025, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7TYOH5L4MN5C7LZREWOTZE7Y.
9. Publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 03/09/2025.

10. Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 22 de setembro de 2025, na que se recolle o seguinte:

"Procedeuse á apertura dos sobres que conteñen as declaracións de cumprimento de requisitos previos dos licitadores concorrentes a esta licitación que, segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público son os seguintes:

| LICITADORES |
|---|
| MECANIZADOS PEREIRA, S.L. |

Posto que a empresa presentou a través da Plataforma e dentro do prazo concedido a tales efectos as súa proposta a Mesa de contratación acorda admitir a oferta presentada polo licitador, procedendo acto seguido á cualificación do sobre electrónico que contén a declaración de cumprimento de requisitos previos, cos seguintes resultados: O Anexo I presentado pola empresa axústase aos requisitos recollidos no PCAP.

A continuación procédese á apertura do sobre relativo aos criterios de adxudicación avaliables automaticamente mediante fórmulas matemáticas, co seguinte resultado:





| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 11/103 |

| LICITADOR | PORCENTAXE DESCONTO |
|---|---|
| MECANIZADOS PEREIRA, S.L. | 10 % |

Atendendo ao recollido no apartado K do cadro resumo do PCAP; no que se recolle que:

"...
É obrigatorio que os licitadores acheguen a ferramenta ou as tarifas, non se admitirá ningunha oferta que non as achegue.
...",

A mesa de contratación acorda propoñer ao órgano de contratación excluír a oferta presentada por Mecanizados Pereira, S.L., por non achegar xunto co Anexo II as tarifas descritas no parágrafo anterior relativas ao apartado K do cadro resumo do PCAP.

Visto o que antecede, a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

1.- Excluír a proposta presentada pola empresa Mecanizados Pereira, S.L. por non achegar xunto co Anexo II as tarifas descritas no apartado K do cadro resumo do PCAP.".

E tendo en conta que o contido e a tramitación foi conforme coa normativa de aplicación, en virtude da competencia que corresponde ao órgano de contratación, e a vista do exposto, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Declarar deserto o procedemento 2025/CON_02/000091, Contratación dos servizos de mecanizados do Parque Móbil Provincial, á vista da proposta da mesa de contratación do 22 de setembro de 2025, na que se acordou elevar ao órgano de contratación a declaración de deserto do procedemento ao inadmitir a proposta presentada pola empresa Mecanizados Pereira, S.L., por non achegar xunto co Anexo II as tarifas descritas no apartado K do cadro resumo do PCAP.

**2º.-** Publicar este acordo na Plataforma de Contratos do Sector Público e dar traslado do mesmo ao Parque Móbil aos efectos do seu coñecemento."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE INCOACIÓN DO PROCEDEMENTO DE RESOLUCIÓN DE CONTRATO.**




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 12/103 |

*Proposta de resolución do contrato para a construción centro residencial no Concello A PONTENOVA.- Centro de Atención a Maiores (CAM). Adxudicado a entidade Construciones Jesús Naray SL.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Se toman en consideración como antecedentes inmediatos ós efectos de emisión do presente, ademais do expediente administrativo, en especial os seguintes feitos e documentos:

Primeiro.- Pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 14/05/2021 aprobouse o proxecto, expediente de contratación, procedemento, prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto correspondente a obra de A PONTENOVA.- Centro de Atención a Maiores (CAM). (EX016OB20AB).

Segundo.- Pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 15/10/2021 acordouse adxudicar a obra a Mercantil Construcciones Jesús Naray SL nos seguintes termos:
a) Prezo de adxudicación: un millón novecentos setenta e sete mil cincocentos sesenta e nove euros (1.977.569,00 €) dos cales cento setenta e nove mil setecentos setenta e nove euros (179.779,00 €) corresponden ao IVE (10%).
b) Redución do prazo de execución de 3 meses sobre o previsto no proxecto, e dicir executar as obras no prazo de 15 meses.
c) Un incremento do plan de control de calidade por importe de 18.000,00€ (IVE incluído).
d) Elaboración dun modelo BIM, nos termos indicados no PCAP e na oferta.
e) Mantemento do modelo BIM, nos termos indicados no PCAP e na oferta.
f) Sistema de seguimento a través de imaxes, nos termos indicados no PCAP e na oferta.
g) Cumprimento dos termos ofertados en relación coa cualificación, experiencia e dedicación a pe de obra do persoal a cargo do desenvolvemento da mesma recollida no PCAP.

Terceiro.- Con data 23/08/2022 formalizouse o contrato en documento administrativo.

Cuarto.- A acta de comprobación do reformulo foi asinada con data 15/09/2022.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 13/103 |

Quinto.- Por Resolución da Presidencia de data 06/10/2023 concedeuse ampliación do prazo de execución da obra indicada ata o 15-04-2024, para dar cumprimento ás prestacións contractuais.

Sexto.- Por Resolución da Presidencia de data 12/04/2024 concedeuse ampliación do prazo de execución da obra indicada ata o 15-12-2024, para dar cumprimento ás prestacións contractuais.

Sétimo.- Por Resolución da Presidencia de data 18/12/2024 aprobouse autorización para redacción de modificación do proxecto da obra, así como ampliación do prazo de execución da obra indicada ata o 15-08/2025, para dar cumprimento ás prestacións contractuais, unicamente para a continuación das obras previstas no proxecto inicial. (Non se produciu a aprobación do dito modificado polo órgano de contratación).

Oitavo.- A empresa comunica a suspensión unilateral dos traballos nos seguintes ítems:
O día 14 de xullo a empresa contratista comunica a suspensión unilateral dos traballos debido a imposibilidade técnica e económica de continuar a execución ate a aprobación dun proxecto modificado.
O 31 de xullo de 2025, A Deputación Provincial de Lugo remite escrito, con referencia 2025RPS011158, a Construcciones Jesus Naray SL solicitando que se "indiquen as partidas que non estaban suficientemente definidas no proxecto aprobado, licitado e adxudicado" as que fan referencia xenérica no se escrito de 14 de xullo
O 5 de agosto de 2025, con referencia 2025RT013819, entrou na Deputación escrito asinado por María Josefa Rodriguez Paleo en nome de Construcciones Jesus Naray SL, que cualifican de "anexo ao enviado anteriormente con rexistro de entrada 2025RT012926 no que reiteran diversas consideracións do escrito enviado o 14 de xullo de 2025 e no que tamén solicitan unha ampliación de prazo para a execución da obra A PONTENOVA– Centro de Atencion a Maiores (CAM)-(EX016OB20AB), "mientras no se apruebe el proyecto modificado y se indique en el proyecto la duración del mismo, que será acorde con los trabajos a realizar".

Noveno.- O servizo de arquitectura emitiu informe con CSV: IV7T6IKMCE4O2RE7AFUG6L7VEA no que conclúe: "Enténdese por tanto, que dado que se produce un incumprimento da obriga principal do contratista (executar a obra correctamente en prazo) que ademais constitúe un incumprimento dun compromiso da súa oferta (redución do prazo de execución en tres ofertando un prazo total de 15 meses) que era un criterio de adxudicación e tendo en conta que se entende que razoadamente a imposición de penalidades á vista da evolución da execución da obra non conseguiría o fin da súa imposición, a administración podería optar pola resolución do contrato."

Décimo.- A Xunta de Goberno con data 5 de setembro de 2025 adoptou diversos acordos, entre eles e no que respecta ó asunto que se informa resolveu:
"(...)




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 14/103 |

2. Acordar o inicio do procedemento para a resolución do contrato administrativo de obras a construción dun centro residencial no Concello da Pontenova adxudicado á entidade construcciones Jesús Naray SL polas causas expresadas no corpo do presente por concorrer incumprimentos, imputables ó contratista ó abeiro dá documentación obrante no expediente, resultando os mesmos o incumprimento de obrigas esenciais, que o prego configura como causa de resolución contractual e que frustran o contrato asimesmo por incumprimento da obriga principal..
3. Dar trámite de audiencia ó contratista, e ao avalista da garantía definitiva prestada, polo prazo de 10 días naturais na medida que se puidese proceder a incautación da garantía depositada.
4. Finalizado o expediente de resolución, iniciar, no seu caso, a instrución de expediente contraditorio para determinación da indemnización dos danos e prexuízos causados a esta Deputación e así mesmo o que proceda respecto da posible declaración dunha prohibición para contratar de verificarse incumprimentos do prego e actuacións contrarias ao interese xeral imputables ao contratista.
(…)"

Undécimo.- Notificado o devandito acordo o 5 de setembro de 2025, o contratista remitiu alegacións con data 15 de setembro de 2025 nas que se opón á resolución contractual.
Procedese ó análise das mesmas, con plena garantía do principio de contradición e congruencia da resolución, que se deba adoptar.
Emítese o presente e en atención a seguinte;

*Normativa aplicable.*

Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP) .
Regulamento Xeral da Lei de Contratos das AA.PP., aprobado por R.D. 1098/2001 do 12 de outubro.
Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
Pregos de Cláusulas Administrativas do expediente de contratación.
Regulamento Orgánico Provincial.

*Consideracións.*

*I.- Sobre as alegacións formuladas polo contratista no seu escrito de oposición no que respecta á concorrencia do suposto de resolución.*




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 15/103 |

Compre reafirmar, que resulta probado o incumprimento primitivo do contratista da súa obriga esencial respecto da contravención da súa oferta en canto compromiso prazo de execución en 15 meses, a falta de posta a disposición dos medios comprometidos, así como o incumprimento da obriga principal e que este representa unha infracción dos apartado 22.2.2 do prego coas consecuencias da resolución contractual segundo o previsto no apartado 25 e 28 do PCAP e nos artigos 211 e seguintes da lei.
Con carácter xeral, recórdase que as obrigas das partes na contratación administrativa quedan reflectidas nos pregos, oferta e demais documentación preparatoria, que o contratista ten aceptado, e as que se ten sometido dende o primeiro instante da licitación tal e como deriva da aplicación do artigo 139 da LCSP cando sinala que "as proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen salivade ou reserva algunha…"
Queda advertido por tanto, o carácter vinculante do prego como "*lex contractus*", cuxa interpretación non resulta dispoñible para o contratista.
O contratista, nas súas alegacións, asume que o prazo ofertado se trata dunha obriga contractual, negando o carácter esencial da dita obriga es efectos da súa vulneración
As obrigas que se observan incumpridas, teñen carácter esencial tal e como recolle o prego:
"22.2. Condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos de resolución contractual do artigo 211.1.f, en cumprimento do art. 202, ambos da LCSP:
Son condicións especiais ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo
211.1.f, en cumprimento do artigo 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes obrigas:
…..
2. O cumprimento das condicións ofertadas polo adxudicatario segundo os criterios de adxudicación da cláusula décimo segunda deste prego, e dicir o cumprimento do ofertado relativo a seguimento a través de imaxes, modelo BIM, redución de prazos e mellora de parámetros enerxéticos.
…..
O incumprimento destas condicións especiais de execución, cualificadas como obrigas contractuais esenciais deste apartado 22.2, constitúe causa de resolución contractual, consonte co establecido no artigo 211.1, letra f), en cumprimento do art. 202, ambos da LCSP."
Visto o literal do prego e as propias alegacións do contratista, resulta claramente o incumprimento polo contratista das súas obrigas esencias, non se esixe elemento adicional á propia vontade do cumprimento polo contratista da súa oferta e a verificación da mais que evidente superación do dito prazo.
Naray é a única obrigada pola súa propia oferta, e ademais responsable directa, por non garantir o cumprimento do seu programa de traballo a pesar da favorable situación plantexada pola administración que outorgou un aumento de prazo ate en tres ocasións:




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 16/103 |

Resolución da Presidencia de data 06/10/2023 concedeuse ampliación do prazo de execución da obra indicada ata o 15-04-2024.
Resolución da Presidencia de data 12/04/2024 concedeuse ampliación do prazo de execución da obra indicada ata o 15-12-2024.
Resolución da Presidencia de data 18/12/2024 aprobouse autorización para redacción de modificación do proxecto da obra, así como ampliación do prazo de execución da obra indicada ata o 15-08/2025, para dar cumprimento ás prestacións contractuais, unicamente para a continuación das obras previstas no proxecto inicial
Queda patente a proporcionalidade da actuación da administración atendendo as solicitudes de ampliación de prazo do contratista que tiña comprometido un prazo de execución de 15 meses, recordemos a súa oferta:

Naray CONSTRUCCIONES

DEPUTACIÓN DE LUGO

**ANEXO III: MODELO DA PROPOSICIÓN / OFERTA**

Dª Mª JOSEFA RODRÍGUEZ PALEO DNI 33307335T

☐ En nome propio

☒ En representación de CONSTRUCCIONES JESÚS NARAY, S.L. CIF B27156231

Con teléfono de contacto: 982 132 697 ou móvil: 619 13 46 13

Con domicilio a efectos de notificación en:

| | | | |
|---|---|---|---|
| Rúa/Praza | Crta. Xeral, S/N - Forxán | Nº | |
| Poboación | FOZ | CP | 27787 |

Toma parte no procedemento para a adxudicación do contrato da obra de **A PONTENOVA.- CONSTRUCCIÓN CENTRO DE ATENCIÓN A MAIORES (CAM) DE A PONTENOVA** e para o que fai constar expresamente, que:

1. Acepta tomar parte na licitación do referido procedemento, estando de acordo coas condicións previstas pola Deputación provincial de Lugo.
2. Coñece e acepta de forma plena e sen condición algunha o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas así como o proxecto técnico que rexen na contratación e mailos seus Anexos, aceptando integramente os termos, cláusulas e obrigas contidos neses documentos, sen excepción ningunha.
3. **Comprométese a executar o contrato de referencia por o seguinte importe: (segundo o artigo 102 LCSP, no prezo entenderase incluído o importe a abonar en concepto de IVE, que en todo caso se indicará como partida independente)**

   Base: -.(1.797.790 Euros); -.UN MILLON SETECENTOS NOVENTA E SETE MIL SETECENTOS NOVENTA Euros.-

   (10.%) IVE: -.(179.779 Euros).-; -.CENTO SETENTA E NOVE MIL SETECENTOS SETENTA E NOVE Euros.-

   Prezo total (IVE incluído): -.(1.977.569 Euros).-; -.UN MILLON NOVECENTOS SETENTA E SETE MIL CINCOCENTOS SESENTA E NOVE Euros.-.

4. **Comprométese** a unha redución do prazo de execución de: -.TRES MESES.- ( 3 meses).




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 17/103 |

Polo tanto, o prazo de redución cumpre co requisito establecido no artigo 211.1 f o ser definido con claridade como obriga esencial na pax 41 do PCAP:

**22.2. Condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos de artigo 211.1.f, en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP:**

Son condicións especiais ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.1.f, en cumprimento do artigo 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as seguintes obrigas:

**1.-** O cumprimento das obrigacións do contratista respecto da adscrición dos medios persoais e materiais, establecidos como mínimos nos pregos e documentos reitores da licitación, facilitando a identificación dos mesmos ao inicio da prestación. O contratista terá ao seu cargo o persoal necesario para a realización das prestacións que conformas o obxecto do contrato. O persoal que interveña na execución do contrato dependerá exclusivamente do contratista. Do eventual incumprimento das súas obrigacións legais ou contractuais non se derivará responsabilidade algunha para a Administración.

2.- O cumprimento das condicións ofertadas polo adxudicatario segundo os criterios de adxudicación, é dicir o cumprimento da súa oferta de acordo aos criterios, nos termos e coas especificacións establecidos no PCAP.

De este xeito queda acreditado:
A. O incumprimento de condicións especiais (a oferta de redución de prazo formulada por Naray) que son obrigas esenciais e de xeito expreso causa de resolución.
B. O incumprimento da obriga principal por falta de entrega do obxecto contractual tras 36 meses dende a comprobación do replanteo , téndose superado o prazo límite o 15 de agosto de 2025.
C. A falta de posta a disposición dos medios comprometidos na oferta , pois a efectiva aportación dos mesmos ó proceso construtivo implicaría o cumprimento dos programas de traballo e a entrega da obra contratada para o fin público que na actualidade se está a frustrar.
Identificada as causas da resolución a súa concorrencia e a procedencia de tramitar a resolución do contrato por ditas causas analizarase a incidencia da modificación no apartado seguinte.

*II.- A falta de aprobación do modificado en consonancia coa orde de executar o proxecto orixinal.*

O contratista pretende asimilar a autorización para redactar un modificado baixo estritos parámetros de cumprimento do artigo 205 da LCSP e do RCAP con control da administración e expresa autorización para executar as cobras contidas no proxecto orixinal , coa validación dunha modificación contractual inexistente, e por tanto inexecutable e moito menos vinculante para as partes , dito de outro xeito existe un único proxecto a executar con data límite de 15 de agosto de 2025, do que se atopan pendentes cando menos o 30% das obras previstas.
A administración autorizou a redacción motivada dun modificado que no caso de proceder e resultar necesario, debía cumprir cos requisitos do artigo 205, indicando que mentres este non fora aprobado se debía executar o proxecto orixinal , a realidade - executado o 70%- amosa que dito proxecto orixinal resulta plenamente executable e que o contratista non xustificou a e existencia de partida algunha indefinida ou inexecutable.
Recordemos o literal da resolución de 18 de decembro de 2024:
"Aprobar autorización para redacción da modificación do proxecto da obra identificada como A PONTENOVA.- Centro de Atención a Maiores (CAM).




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 18/103 |

(EX016OB20AB), sen que a autorización para redactar a modificación implique en ningún caso a automática aceptación da solicitude do contratista e dirección facultativa nin a aprobación de gasto, xa que as partidas e o importe da modificación deberá ser concretado no modificado baixo a estrita supervisión do Servizo de Arquitectura."

Pode comprobarse, non obstante no expediente segundo consta no informe do servizo de arquitectura de 20 de agosto de 2025 con CSV: IV7V4EJIOE6N5OUO2NMEA7TUB4 a inexistencia de proxecto modificado nos termos da autorización e da propia LCSP.

Sendo o proxecto orixinal executable, ningunha actividade construtiva se pode reputar incompatible cun proxecto modificado que non existe.

En resumo, pretende Naray obviar o seu incumprimento do contrato, baixo a suposta necesidade da aprobación dun proxecto modificado, que como demostra o alto grado de certificación non resolve problema algún e carece de eficacia distinta o potencial incremento do beneficio para o contratista, cando o proxecto orixinal pode ser executado tal e como demostra o feito de non ter identificado partida algunha que impida continuar e concluír as obras ou e que así mesmo, se ten executado o proxecto orixinal nun 70% cun gravísimo retraso.

Finalmente quererse deixar constancia de non se insta a resolución do contrato porque Naray non teña presentado un eventual proxecto modificado senón pola concorrencia de incumprimentos de condicións especiais que son obrigas esenciais, dito de outro modo a resolución contractual se incoa por causas totalmente alleas a unha eventual modificación do contrato.

Por parte do contratista se teñen incumprido as súas obrigas esenciais previstas na cláusula 22.2 e polo tanto que as mesmas constitúen en si, e causas de resolución do contrato segundo o disposto na cláusula vixésimo quinta.

A normativa contractual á hora de avaliar a incidencia da resolución contractual, establece unha serie de consecuencias en proporción a gravidade das mesmas, así como consecuencia dos incumprimentos advertidos, no caso que nos ocupa, correspondería, acordar a resolución por causa imputable o contratista cos seguintes efectos adicionais:

1. Perda, por incautación, da garantía constituída (prego cláusula 25, art. 110 d, 213.3 da LCSP) e 213.5 no canto se debe producir pronunciamento expreso ó respecto da procedencia de dita incautación, que neste caso se estima procedente de conformidade con consolidada xurisprudencia (SAN 4964/2012).

2. Posible Indemnización por danos e perdas, no importe que exceda a garantía incautada.



| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 19/103 |

3. Posible declaración de prohibición para contratar, no ámbito territorial e coa extensión temporal en función da gravidade dos incumprimentos e dano o interese público que resulte finalmente acreditado (art. 19.1 do RXCAP), que seguirá un procedemento ó efecto.

*III.- Sobre o procedemento.*

Vistas as alegacións, e a plena satisfacción do iter procedemental marcado na normativa, a teor do disposto no artigo 212.1 da LCSP 9/2017 e 109 do RCAP 1098/2001, procede a continuación do dito expediente, solicitando ditame do Consello Consultivo, respecto da proposta de resolución cando se formule oposición por parte do contratista como ocorre neste expediente.
Tal e como sinala dito precepto, tódolos trámites e informes preceptivos dos expedientes de resolución dos contratos se considerarán de urxencia e gozarán de preferencia para o seu despacho polo órgano correspondente.

*IV.- Sobre o órgano competente.*

Ó abeiro do disposto no artigo 59, do Regulamento Orgánico Provincial, no seu apartado 12 corresponde a Xunta de Goberno, como órgano de contratación, a adopción do presente acordo, sen prexuízo da súa avocación pola Presidencia.
Respecto do eventual expediente indemnizatorio no que exceda da garantía depositada, corresponderá a competencia a Presidencia, ó abeiro do dito precepto do regulamento orgánico no seu inciso final.

Considerando os antecedentes, a normativa aplicable e os razoamentos xurídicos expresados no corpo do presente propoño ó órgano de contratación, facultando ó Presidente para a remisión do expediente o Consello Consultivo de Galicia e solicitude do previo e preceptivo ditame deste órgano, aprobar que se formule a seguinte proposta de resolución:

**1º.-** Resolver o contrato de obra para a construción centro residencial no Concello A PONTENOVA.- Centro de Atención a Maiores (CAM). Adxudicado a entidade Construciones Jesús Naray SL, desestimando as alegacións formuladas polo contratista, polas causas expresadas no corpo do presente, concorrendo incumprimentos con natureza de obriga esencial, ó abeiro da documentación obrante no expediente e do razoado no corpo do presente.

**2º.-** Notificar a presente á entidade Construcciones J. Naray SL co correspondente réxime de recursos.

**3º.-** Resolto o expediente de resolución, proceder no seu caso, a instrución de expediente contraditorio para determinación da indemnización dos danos e prexuízos causados a esta Deputación e así mesmo o que proceda respecto da posible declaración dunha prohibición para contratar de verificarse incumprimentos do prego e actuacións contrarias ao interese xeral imputables ao contratista.




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 20/103 |

**4º.-** Proceder á incautación da garantía definitiva constituída por importe de 89.889,50 €, resultan avalista Banco Sabadell coa referencia de depósito na tesourería provincial 32021006262.

**5º.-** Dar traslado da presente proposta de resolución ó consello Consultivo de Galicia para emisión do seu preceptivo informe.

**6º.-** Suspender o prazo máximo para resolver e notificar o procedemento no tanto non se reciba o ditame do Consello Consultivo de Galicia.

O presente acto é de trámite, sen que proceda a interposición de recursos, ate a adopción do acto que poña fin á vía administrativa."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA LICITACIÓN DE DIVERSAS OBRAS.**

*Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: A PONTENOVA.- Mellora da rede viaria en Conforto.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: A PONTENOVA.- Mellora da rede viaria en Conforto, consta no mesmo:

1. Convenio interadministravio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Pontenova aprobado pola Xunta de Goberno en data 12/09/2025 e asinado en data 19/09/2025 para a execución dos fins comúns consistentes na Mellora da rede viaria en Conforto do que trae causa esta licitación.
2. Proxecto da obra indicada, con CSV: IV7TEHIMHERP7DHS7UGGKJ2W6U.
3. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7TFQB63TWMRH4TCH6AK3YG54.
4. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7TEOA6FEODT7B6UPUAJ33V5Y.
5. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7TEOA7DYNL5H6YAFHE4FCQJY.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 21/103 |

6. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7TZWLSDTXLRG636QHHD72QMM.
7. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7TGW7YLLRMR6RLZTQT7ZKH6U.
8. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7TGW7ZNUUTJ7OP4MPU6NCAG4.
9. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: A PONTENOVA.- Mellora da rede viaria en Conforto, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

**2º.-** Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

**3º.-** Aprobar o gasto, por importe de 137.151,71 €, dos cales 23.803,19 € corresponden ao IVE (21%)."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS RELATIVAS Á TRAMITACIÓN DE CONVENIOS CON ENTIDADES E CONCELLOS.

*1º.- Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Alfoz para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Acondicionamento de camiños municipais e honorarios técnicos" no Concello de Alfoz, ano 2025.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

"Asunto: informe favorable.




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 22/103 |

Visto o escrito remitido dende o Concello de Alfoz (EXP. 2025/PES_03/017302) no que se solicita a formalización dun convenio para o financiamento da execución da seguinte actuación:

| Actuación: "ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS E HONORARIOS TÉCNICOS." |
|---|
| 18 actuacións de mellora, incluídos os honorarios técnicos (de redacción de proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución da actuación obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e de dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente) nos seguintes camiños de titularidade municipal:<br>ACTUACIÓN 1: CIRCUÍTO MOTOCROSS<br>ACTUACIÓN 2: A AGUEIRA<br>ACTUACIÓN 3: CAMINO A RIOCOBO<br>ACTUACIÓN 4: CAMIÑO DAS ANDURIÑAS 5<br>ACTUACIÓN 5: CAMINO DESDE LU-P-0207 AO LIÑAR . 6<br>ACTUACIÓN 6: CAMINO EN O GORVIDAL<br>ACTUACIÓN 7: CAMINO EN O PENIDO<br>ACTUACIÓN 8: CAMINO EN LAVANCO<br>ACTUACIÓN 9: CAMINO EN ESCOURIDO – PARQUE EÓLICO .10<br>ACTUACIÓN 10: CAMINO EN LAMEIRO<br>ACTUACIÓN 11: CAMINO EN INSUA NOVA<br>ACTUACIÓN 12: CAMINO EN A TRABADA<br>ACTUACIÓN 13: CAMINO EN O RUBEIRO<br>ACTUACIÓN14: CAMINO EN A PESQUITA<br>ACTUACIÓN 15: CAMINO DESDE LU-P-6306 A FAIÁN<br>ACTUACIÓN16: CAMINO DESDE FERRADÁS A LU-P-6306<br>ACTUACIÓN 17: CAMINO EN O CELEIROTE<br>ACTUACIÓN 18: CAMINO EN CELEIRO VELLO |

por importe total de 250.000,00 € (que serán financiados pola Deputación de Lugo) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítese informe favorable en base ás seguintes consideracións:

*Consideracións xurídico administrativas.*

*Lexislación de réxime local.*

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).
Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no



| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 23/103 |

territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)".

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL, ao sinalar que: "1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)" 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997" –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, disponse que: "as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 24/103 |

(o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.
A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

*Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.*

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas". Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) "lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".
Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: "1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: "Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 25/103 |

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.
Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:
Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.
O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.
Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.
Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.
Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
Réxime de modificación do convenio.
Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:
Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 26/103 |

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.
(...)”.

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:
“1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.
3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.
4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

*Conclusións.*

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Segunda.- O Municipio de Alfoz, consonte ao establecido no artigos 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local exerce competencias nas materias obxecto do convenio solicitado.

Terceira.- O borrador do convenio adecuase ao convenio tipo aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 17 de xaneiro de 2025.




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 27/103 |

Cuarta.- Se adxunta memoria xustificativa segundo o establecido no artigo 50.1 da LRXSP

Quinta.- Consta informe de consignación orzamentaria de Intervención, por importe de 250.000,00 € na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo.

Sexta.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno tendo en conta o importe global do convenio e en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público".

E tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar o texto do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Alfoz para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Acondicionamento de camiños municipais e honorarios técnicos." no Concello de Alfoz, ano 2025 por importe total de 250.000,00 € (que serán financiados pola Deputación) cuxo contido é o seguinte:

*Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Alfoz para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Acondicionamento de camiños municipais e honorarios técnicos." no Concello de Alfoz, ano 2025.*

*Reunidos.*

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra dona Efigenia Maseda Paz, Alcaldesa do Concello de Alfoz, con N.I.F P2700200E e sede social na Seara, s/n CP 27776, Alfoz, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 28/103 |

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

*Manifestan*.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: "as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:
"Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.
Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)".
Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:
"Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:
a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)."

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: "1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 29/103 |

financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.
Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.
O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:
“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)
2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados
3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)
6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”
A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos



| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 30/103 |

e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997" –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).
Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)".
No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).
Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 31/103 |

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.
Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.
A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrétanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).
A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.
Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 32/103 |

encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.
Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

*Cláusulas.*

Primeira.- Obxecto
Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Alfoz en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

| Actuación: "ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS E HONORARIOS TÉCNICOS." | CUSTE TOTAL |
|---|---|
| 18 actuacións de mellora, incluidos os honorarios técnicos (de redacción de proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución da actuación obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e de dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente) nos seguintes camiños de titularidade municipal:<br>ACTUACIÓN 1: CIRCUÍTO MOTOCROSS<br>ACTUACIÓN 2: A AGUEIRA<br>ACTUACIÓN 3: CAMINO A RIOCOBO<br>ACTUACIÓN 4: CAMIÑO DAS ANDURIÑAS 5<br>ACTUACIÓN 5: CAMINO DESDE LU-P-0207 AO LIÑAR . 6<br>ACTUACIÓN 6: CAMINO EN O GORVIDAL<br>ACTUACIÓN 7: CAMINO EN O PENIDO<br>ACTUACIÓN 8: CAMINO EN LAVANCO<br>ACTUACIÓN 9: CAMINO EN ESCOURIDO – PARQUE EÓLICO .10<br>ACTUACIÓN 10: CAMINO EN LAMEIRO<br>ACTUACIÓN 11: CAMINO EN INSUA NOVA<br>ACTUACIÓN 12: CAMINO EN A TRABADA<br>ACTUACIÓN 13: CAMINO EN O RUBEIRO<br>ACTUACIÓN14: CAMINO EN A PESQUITA<br>ACTUACIÓN 15: CAMINO DESDE LU-P-6306 A FAIÁN<br>ACTUACIÓN16: CAMINO DESDE FERRADÁS A LU-P-6306<br>ACTUACIÓN 17: CAMINO EN O CELEIROTE<br>ACTUACIÓN 18: CAMINO EN CELEIRO VELLO | 250.000,00 € |




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 33/103 |

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

| ACHEGA DEPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO |
|---|---|
| 250.000,00 € | 0,00 € |
| TOTAL: 250.000,00 € | |

As achegas económicas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta.
Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.
O ámbito de desenvolvemento da actuación obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Alfoz.

Terceira.- Fin común.
Coa formalización do presente convenio pretendese mellorar as infraestruturas viarias municipais.

Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.
4.1. Deputación Provincial de Lugo.
En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:
Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a achega da Deputación.
Non obstante ditas baixas, no suposto de obras, poderán utilizarse para financiar, no seu caso, ata o 10% do exceso de medicións recollido na certificación final.
4.2. O Concello de Alfoz.
En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Alfoz, comprométese ao seguinte:
Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido
Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.
O prazo de execución da actuación obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro 2025 ata o 30 de setembro de 2026.
Actuar como órgano de contratación e licitar a execución da actuación con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coa actuación obxecto deste convenio.




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 34/103 |

Difundir a cooperación prestada polo ente provincial segundo o establecido na cláusula décimo primeira.
Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.
Destinar o obxecto do convenio ao fin para o que foi concedido (2 anos en subministros e servizos e 5 anos en obras)

Quinta.- Réxime económico.
A) Achegas.
1.- Achega da Deputación.
A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 250.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.
2.- Achega do Concello.
O Concello de Alfoz financiará o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio.
1. Titularidade do resultado da cooperación.
O resultado da cooperación será de titularidade municipal.
2. Xustificación da achega económica.
O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Alfoz se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 31 de outubro de 2026.
A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:
Memoria de actuacións realizadas.
Certificación expedida polo Secretario/ Interventor do Concello na que se recolla:
a) A relación clasificada de gastos da actuación obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.
b) O custo total da actuación desenvolta e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos da actuación atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
c) Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 35/103 |

d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.
e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución da actuación obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.
(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)
Resolución ou acordo de adxudicación das obras.
Acta de recepción. Nos supostos en que a Intervención da comprobación material da inversión non sexa preceptiva a comprobación da inversión xustificarase coa acta de conformidade asinada polos que participaron na comprobación material da inversión ou coa certificación expedida polo Xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo có detalle necesario para a súa identificación, ou haberse executado a obra ou servizo con arranxo ás condiciones xerais e particulares que, en relación con elos, fosen previamente establecidas.
Declaración responsable emitida pola representante do Concello na que se recolla:
1. Que o Concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
4. Destino do ben (5 anos en obras e 2 anos en subministros e servizos)
(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)
Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.
Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.
O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.
Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Sexta.- Anticipo.
O Concello poderá percibir, en base ao establecido no 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria. un anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias ata o límite máximo do 10% da cantidade total a percibir.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 36/103 |

Neste caso, a representante do Concello deberá presentar ante a Deputación a seguinte documentación:
1. Solicitude do anticipo.
2. Declaración responsable na que conste:
Que cumpre co establecido no artigo 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria (percibir o anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias)
Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
Que o concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
(o modelo de declaración será facilitado polo centro xestor do convenio)
3. Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do anticipo.
O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.
A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2027 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Oitava.- Modificación.
A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Novena.- Extinción e efectos.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 37/103 |

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.
Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.
O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).
A extinción do convenio derivada do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo levarase a cabo por resolución presidencial. E a extinción do convenio por incorrer en causas de resolución efectuarase por acordo da Xunta de Goberno.

Décima.- Comisión de Seguimento.
Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control poderá constituirse unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.
Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.
O seu funcionamento acomodarase ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.
Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:
Velar polo cumprimento deste convenio.
Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.
Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décimo primeira.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.
O Concello incorporará os "logotipos" institucionais da Deputación Provincial de Lugo nos soportes que aludan ou informen da actuación obxecto do convenio. para o que poderá solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial.
De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 38/103 |

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

Décimo segunda.- Protección de datos.
O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

Décimo terceira.- Carácter do convenio de cooperación.
O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: "Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (…)". Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (…), o convenio establece unha cooperación entre as entidades




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 39/103 |

coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:
"As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:
(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)".
As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.
Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.
E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio do que como secretario dou fe."

**2º.-** A aprobación do gasto, por importe de 250.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo, para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

*2º.- Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Guitiriz para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións "Mellora das infraestruturas no parque empresarial de Guitiriz (rev.02 feb/25) e honorarios técnicos" e "Melloras na rede de saneamento de Guitiriz: reparación de filtracións en pozos das rúas Vista Alegre, Perexil e Portopulgo e actuacións na EDAR de Guitiriz e honorarios técnicos" no Concello de Guitiriz, ano 2025.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 40/103 |

DEPUTACIÓN DE LUGO

"Asunto: informe favorable.

Visto o escrito remitido dende o Concello de Guitiriz (EXP. 2025/PES_03/017073) no que se solicita a formalización dun convenio para o financiamento da execución das seguintes actuacións:

| Actuacións |
| --- |
| Mellora das infraestruturas no parque empresarial de Guitiriz (rev.02 feb/25) e honorarios técnicos (de redacción de proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución da actuación obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e de dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente) |
| Melloras na rede de saneamento de Guitiriz: reparación de filtracións en pozos das rúas Vista Alegre, Perexil e Portopulgo e actuacións na EDAR de Guitiriz e honorarios técnicos (de redacción de proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución da actuación obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e de dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente) |

por importe total de 208.049,75 € (dos que 52.165,25 € serán financiados pola Deputación de Lugo) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítese informe favorable en base ás seguintes consideracións:

*Consideracións xurídico administrativas.*

*Lexislación de réxime local.*

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).
Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)".
No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.




| | | | |
| --- | --- | --- | --- |
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 41/103 |

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL, ao sinalar que: "1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)" 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de coo-peración serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"
A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997" –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, disponse que: "as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.
A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 42/103 |

*Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.*

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas". Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) "lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: "1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: "Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)".

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: "Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)."




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 43/103 |

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: "1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)".

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que "(...) deberán incluír, polo menos:
Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.
O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.
Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.
Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento
Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
Réxime de modificación do convenio.
Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:
1.Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.
2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.
(...)".

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:
"1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 44/103 |

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.
4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei"

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

*Conclusións*.

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Segunda.- O Municipio de Guitiriz, consonte ao establecido no artigos 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, exerce competencias nas materias obxecto do convenio solicitado.

Terceira.- O borrador do convenio adecuase ao convenio tipo aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 17 de xaneiro de 2025.
O anexo 1 – memoria de actuacións- adecuase ao aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 17 de xaneiro de 2025.

Cuarta.- Se adxunta memoria xustificativa segundo o establecido no artigo 50.1 da LRXSP

Quinta.- Consta informe de consignación orzamentaria de Intervención, por importe de 52.165,25 € na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo.

Sexta.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno tendo en conta




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 45/103 |

o importe global do convenio e en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público".

E tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar o texto do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Guitiriz para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións "Mellora das infraestruturas no parque empresarial de Guitiriz (rev.02 feb/25) e honorarios técnicos" e "Melloras na rede de saneamento de Guitiriz: reparación de filtracións en pozos das rúas Vista Alegre, Perexil e Portopulgo e actuacións na EDAR de Guitiriz e honorarios técnicos" no Concello de Guitiriz, ano 2025 por importe total de 208.049,75 € cuxo contido é o seguinte:

*Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Guitiriz para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións "Mellora das infraestruturas no parque empresarial de Guitiriz (rev.02 feb/25) e honorarios técnicos" e "Melloras na rede de saneamento de Guitiriz: reparación de filtracións en pozos das rúas Vista Alegre, Perexil e Portopulgo e actuacións na EDAR de Guitiriz e honorarios técnicos" no Concello de Guitiriz, ano 2025.*

*Reunidos*.

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra dona María Sol Morandeira Morandeira, Alcaldesa do Concello de Guitiriz, con N.I.F P2702200C e sede social na rúa do Concello, 4 CP 27300, Guitiriz, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

*Manifestan*.




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 46/103 |

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: "as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:
"Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.
Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)".
Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:
"Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:
a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)."

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: "1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 47/103 |

da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)".

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas". Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) "lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".
Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.
O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:
"1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)
2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados
3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)
6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"
A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 48/103 |

administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997" –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).
Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)".
No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).
Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.
A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 49/103 |

comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.
Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.
A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrétanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).
A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.
Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.
Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 50/103 |

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

*Cláusulas*.

Primeira.- Obxecto.
Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións que se detallan a continuación:

| Actuacións | CUSTE TOTAL |
|---|---|
| Mellora das infraestruturas no parque empresarial de Guitiriz (rev.02 feb/25) e honorarios técnicos (de redacción de proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución da actuación obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e de dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade 153.599,75€ e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente) | |
| Melloras na rede de saneamento de Guitiriz: reparación de filtracións en pozos das rúas Vista Alegre, Perexil e Portopulgo e actuacións na EDAR de Guitiriz e honorarios técnicos (de redacción de proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución da actuación obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e de dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente) | 54.450,00 € |
| CUSTE TOTAL | 208.049,75 € |

No suposto de que se produzan alteracións respecto a cada un dos gastos previstos poderán compensarse entre si os distintos importes sempre que tódalas actuacións relacionadas se atopen executadas e pagadas.

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

| ACHEGA DEPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO | OUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO |
|---|---|---|
| 52.165,25 € | 0,00 € | 155.884,50 € |
| TOTAL: 208.049,75 € | | |

As achegas económicas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta.




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 51/103 |

Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.
O ámbito de desenvolvemento das actuacións obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Guitiriz

Terceira.- Fin común.
Coa formalización do presente convenio pretendese mellorar as infraestruturas e a rede de saneamento municipal.

Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.
4.1. Deputación Provincial de Lugo.
En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:
1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
2. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir proporcionalmente as achegas das partes.
Non obstante ditas baixas, no suposto de obras, poderán utilizarse para financiar, no seu caso, ata o 10% do exceso de medicións recollido na certificación final.
4.2. O Concello de Guitiriz.
En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Guitiriz, comprométese ao seguinte:
1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido
2. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.
5. O prazo de execución das actuacións obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro 2025 ata o 30 de setembro de 2026
6. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
7. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
8. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actuacións obxecto deste convenio.
9. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial segundo o establecido na cláusula décimo primeira.
10. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
11. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
12. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 52/103 |

Destinar o obxecto do convenio ao fin para o que foi concedido (2 anos en subministros e servizos e 5 anos en obras)

Quinta.- Réxime económico.
A) Achegas.
1.- Achega da Deputación.
A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 52.165,25 €, con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025. para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.
2.- Achega do Concello.
O Concello de Guitiriz efectuará unha achega de 155.884,50 € (a través de fondos propios ou a través doutras fontes de financiamento) e financiará o importe que reste e sexa necesario para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.
B) Titularidade do resultado da cooperación.
O resultado da cooperación será de titularidade municipal.
C) Xustificación da achega económica.
O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Guitiriz se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 31 de outubro de 2026.
Así mesmo poderán admitirse contas xustificativas por cada unha das actuacións obxecto deste convenio sempre que as mesmas estean completamente executadas e pagadas.
A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:
Memoria de actuacións realizadas.
Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:
a) A relación clasificada de gastos das actuacións obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.
b) O custo total das actuacións desenvoltas e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos das actuacións atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
c) Que as actuacións foron realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso,




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 53/103 |

declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contem-plado neste convenio de cooperación.
e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución das actuacións obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.
(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)
Resolución ou acordo de adxudicación das obras.
Acta de recepción. Nos supostos en que a Intervención da comprobación material da inversión non sexa preceptiva a comprobación da inversión xustificarase coa acta de conformidade asinada polos que participaron na comprobación material da inversión ou coa certificación expedida polo Xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo có detalle necesario para a súa identificación, ou haberse executado a obra ou servizo con arranxo ás condiciones xerais e particulares que, en relación con elos, fosen previamente establecidas.
Declaración responsable emitida pola representante do Concello na que se recolla:
1. Que o Concello asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)", por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
4. Destino do/s ben/s (5 anos en obras e 2 anos en subministros e servizos)
(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)
Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.
Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.
O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.
Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Sexta.- Anticipo.
O Concello poderá percibir, en base ao establecido no 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria. un anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias ata o límite máximo do 10% da cantidade total a percibir.
Neste caso, a representante do Concello deberá presentar ante a Deputación a seguinte documentación:
1. Solicitude do anticipo.
2. Declaración responsable na que conste:




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 54/103 |

Que cumpre co establecido no artigo 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria (percibir o anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias)
Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
Que o concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
(o modelo de declaración será facilitado polo centro xestor do convenio)
3. Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do anticipo.
O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.
A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2027 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026 respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Oitava.- Modificación.
A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Novena.- Extinción e efectos.
O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.
Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 55/103 |

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).
A extinción do convenio derivada do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo levarase a cabo por resolución presidencial. E a extinción do convenio por incorrer en causas de resolución efectuarase por acordo da Xunta de Goberno.

Décima.- Comisión de Seguimento.
Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control poderá constituirse unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.
Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.
O seu funcionamento acomodarase ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.
Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:
a) Velar polo cumprimento deste convenio.
b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.
Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décimo primeira.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.
O Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo nos soportes que aludan ou informen da actuación obxecto do convenio. para o que poderá solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial.
De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.
Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 56/103 |

Décimo segunda.- Protección de datos.
O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD

Décimo terceira.- Carácter do convenio de cooperación.
O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: "Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (…)". Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (…), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 57/103 |

"As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:
(…) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (…)".
As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.
Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.
E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio do que como secretario dou fe."

**2º.-** A aprobación do gasto, por importe de 52.165,25 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo, para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

*3º.- Proposta de aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Negueira de Muñiz para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións "Adquisición de auto-formigoneira autocargable 3500 tc con 3,5 m³ de capacidade real de amasado" no Concello de Negueira de Muñiz, ano 2025.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

"Asunto: informe favorable.

Visto o escrito remitido dende o Concello de Negueira de Muñiz (EXP. 2025/PES_03/017273) no que solicita a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Negueira de Negueira de Muñiz para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 58/103 |

“Adquisición de auto-formigoneira autocargable 3500 tc con 3,5 m³ de capacidade real de amasado” por importe total de 153.065,00 € (dos 145.411,75€ serán financiados pola Deputación de Lugo) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítese informe favorable en base ás seguintes consideracións:

*Consideracións xurídico administrativas.*

*Lexislación de réxime local.*

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).
Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.
No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda.- A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL, ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”
A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses



| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 59/103 |

xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997" –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira.- No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, disponse que: "as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.
A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

*Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público.*

Primeira.- No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas". Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) "lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 60/103 |

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: "1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: "Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.
Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)".
Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: "Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)."

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: "1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 61/103 |

da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)".

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que "(...) deberán incluír, polo menos:
Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.
O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.
Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.
Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento
Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
Réxime de modificación do convenio.
Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:
1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.
2. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.
(...)".

Quinta.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:
"1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.
3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.
4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei"

Sexta.- Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 62/103 |

cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).
A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector público e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autónoma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

*Conclusións.*

En base ao anteriormente exposto:

Primeira.- As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).
Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: "Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública..."e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segunda.- Pola súa banda, o Municipio de Negueira de Muñiz, consonte ao establecido no artigos 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local exerce competencias nas materias obxecto do convenio solicitado.





| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 63/103 |

Terceira.- O borrador do convenio adecuase ao convenio tipo aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 17 de xaneiro de 2025.
O anexo 1 – memoria de actuacións- adecuase ao aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 17 de xaneiro de 2025 (non expecifican o tipo do contrato que sería un contrato de subministro)

Cuarta.- Se adxunta memoria xustificativa segundo o establecido no artigo 50.1 da LRXSP

Quinta.- Consta informe de consignación orzamentaria de Intervención, por importe de 145.411,75€ na aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo.

Sexta.- O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno tendo en conta o importe global do convenio e en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público"

E tendo en conta que consta informe favorable de fiscalización, proponse ao á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar o texto do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Negueira de Muñiz para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións "Adquisición de auto-formigoneira autocargable 3500 tc con 3,5 m$^3$ de capacidade real de amasado" no Concello de Negueira de Muñiz, ano 2025, por importe total de 153.065,00 € cuxo contido é o seguinte:

*Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Negueira de muñiz para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións "Adquisición de auto-formigoneira autocargable 3500 tc con 3,5 m$^3$ de capacidade real de amasado" no Concello de Negueira de Muñiz, ano 2025.*

*Reunidos.*

Dunha parte, don José Tomé Roca, Presidente da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra don José Manuel Braña Pereda, Alcalde do Concello de Negueira de Muñiz, con N.I.F P2703500E e sede social na rúa Negueira s/n CP 27113, Negueira de Muñiz,




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 64/103 |

actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

*Manifestan*.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: "as Entidades Locais poderán con-certar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:
"Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.
Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)".
Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:
"Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)."




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 65/103 |

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: "1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)".

Cuarto.- Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como apa-rello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas". Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) "lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".
Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: "1. As administracións coopera-rán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.
O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:
"1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)
2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 66/103 |

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)
6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"
A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder pú-blico, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997" –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).
Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)".
No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).
Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asis-tencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 67/103 |

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordena-mento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de coo-peración se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), decla-rando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrétanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

A propia Xunta de Galicia ao abeiro do establecido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionaliza-ción do sector público autonómico regula diversos mecanismos de colaboración dentro do sector pú-blico e puxo en circulación a chamada guía de colaboración público - público da Comunidade Autóno-ma de Galicia, que serve de acervo xurídico - administrativo a tomar como referencia.

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contrac-tual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 68/103 |

(lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.- A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.
Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:
Cláusulas

Primeira.- Obxecto.
Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Negueira de Muñiz en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións que se detalla a continuación:

| Actuación | CUSTE TOTAL |
|---|---|
| ADQUISICIÓN DE AUTO-FORMIGONEIRA AUTOCARGABLE 3500 TC CON 3,5 M3 DE CAPACIDADE REAL DE AMASADO | 153.065,00 € |

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

| ACHEGA DEPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO |
|---|---|
| 145.411,75€ | 7.653,25 € |
| TOTAL: 153.065,00 € | |

As achegas económicas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta.
Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 69/103 |

Segunda.- Ámbito territorial.
O ámbito de desenvolvemento da actuación obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Negueira de Muñiz.

Terceira.- Fin común.
Coa formalización do presente convenio pretendese fomentar o desenrolo económico do municipio.

Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.
4.1. Deputación Provincial de Lugo
En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:
1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
2. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir proporcionalmente as achegas das partes.
4.2. O Concello de Negueira de Muñiz.
En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Negueira de Muñiz, comprométese ao seguinte:
1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido
2. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.
3. O prazo de execución da actuación obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro 2025 ata o 30 de setembro de 2026.
4. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución da actuación con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
5. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
6. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coa actuación obxecto deste convenio.
7. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial segundo o establecido na cláusula décimo primeira.
8. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
9. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
10. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.
11. Destinar o obxecto do convenio ao fin para o que foi concedido (2 anos en subministros e servizos e 5 anos en obras)

Quinta.- Réxime económico.
A) Achegas:
1.- Achega da Deputación:




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 70/103 |

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 145.411,75 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.
2.-Achega do Concello:
O Concello de Negueira de Muñiz efectuará unha achega de 7.653,25 € e financiará o importe que reste e sexa necesario para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.
B) Titularidade do resultado da cooperación.
O resultado da cooperación será de titularidade municipal.
C) Xustificación da achega económica.
O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Negueira de Muñiz se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 31 de outubro de 2026.
A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:
Memoria de actuacións realizadas.
Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:
a) A relación clasificada de gastos da actuación obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.
b) O custo total da actuación desenvolta e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos da actuación atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
c) Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.
e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución da actuación obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.
(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)
Acta de recepción. Nos supostos en que a Intervención da comprobación material da inversión non sexa preceptiva a comprobación da inversión xustificarase coa acta de conformidade asinada polos que participaron na comprobación material da inversión




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 71/103 |

ou coa certificación expedida polo Xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo có detalle necesario para a súa identificación, ou haberse executado a obra ou servizo con arranxo ás condiciones xerais e particulares que, en relación con elos, fosen previamente establecidas.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello na que se recolla:

1. Que o Concello asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)", por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
4. Destino do/s ben/s (5 anos en obras e 2 anos en subministros e servizos)

(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.

O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Sexta.- Anticipo.

O Concello poderá percibir, en base ao establecido no 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria. un anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias ata o límite máximo do 10% da cantidade total a percibir.

Neste caso, a representante do Concello deberá presentar ante a Deputación a seguinte documentación:

1. Solicitude do anticipo.
2. Declaración responsable na que conste:

Que cumpre co establecido no artigo 21.3 da Lei Xeral Orzamentaria (percibir o anticipo para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias)

Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Que o concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

(o modelo de declaración será facilitado polo centro xestor do convenio)

3. Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do anticipo.




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 72/103 |

O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.
A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2027 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026 respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Oitava.- Modificación.
A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Novena.- Extinción e efectos.
O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.
Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.
O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).
A extinción do convenio derivada do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo levarase a cabo por resolución presidencial. E a extinción do convenio por incorrer en causas de resolución efectuarase por acordo da Xunta de Goberno.

Décima.- Comisión de Seguimento.




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 73/103 |

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control poderá constituirse unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.
Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.
O seu funcionamento acomodarase ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.
Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:
a) Velar polo cumprimento deste convenio.
b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.
Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décimo primeira.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.
O Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo nos soportes que aludan ou informen da actuación obxecto do convenio. para o que poderá solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial.
De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.
Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

Décimo segunda.- Protección de datos.
O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto,




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 74/103 |

profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

Décimo terceira.- Carácter do convenio de cooperación.
O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: "Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (…)". Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (…), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:
"As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:
(…) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (…)".
As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 75/103 |

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.
E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio do que como secretario dou fe."

**2º.-** A aprobación do gasto, por importe de 145.411,75 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420 76200 do vixente orzamento Xeral, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuación contemplada no convenio,"

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

*4º.- Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Taboada, para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Acondicionamento do espazo onde se localiza a feira-mercado tradicional de Taboada, coa instalación dunha pérgola", no Concello de Taboada.*

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

"A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo acordou, o 28 de novembro de 2024, a aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Taboada, para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "acondicionamento do espazo onde se localiza a feira-mercado tradicional de Taboada, coa instalación dunha pérgola", no Concello de Taboada, que foi asinado polas partes o día 29 do mesmo mes.

O 5 de setembro de 2025, ao abeiro do disposto na cláusula oitava do citado convenio, o representante do Concello de Taboada presentou, no Rexistro Electrónico Xeral da Deputación de Lugo, escrito no que, tras expoñer os motivos nos que funda o seu dereito, solicitou a tramitación do correspondente procedemento de modificación do convenio de referencia, para ampliar os prazos de: execución das actuacións que constitúen o seu obxecto e xustificación, ata o 30 de novembro e o 12 de decembro de 2025, respectivamente.




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 76/103 |

En relación con esta solicitude, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, informouse favorablemente a dita modificación, por aplicación do establecido na cláusula oitava do convenio.

A dita modificación, segundo o dito informe, levaríase a cabo a través da correspondente addenda, por considerar xustificado o motivo da solicitude, e acreditados: o interese común na dita modificación; que esta non altera as condicións esenciais do documento inicial; e que, así mesmo, cumpre cos requisitos de vixencia do convenio e os límites temporais establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, dende a Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación e Fomento, tendo en conta que mediaba a vontade das partes e que o convenio estaba vixente e que recollía a posibilidade da súa modificación, emitiuse informe xurídico favorable á mesma, no senso indicado no informe e nos borradores de proposta e addenda remitidos dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Polo exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se acorde:

**1º.-** A modificación das cláusulas cuarta e quinta do convenio de referencia, no que aos prazos de execución e xustificación se refire, e a aprobación do texto da addenda do seguinte teor:

"*Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Taboada, para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Acondicionamento do espazo onde se localiza a feira-mercado tradicional de Taboada, coa instalación dunha pérgola" no Concello de Taboada, ano 2024.*

*Reunidos.*

Dunha parte, don Xosé Tomé Roca, presidente da Deputación Provincial de Lugo, con NIF: 2700000-I, e sede social en Lugo, na rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e, no seu nome, don Daniel García Fernández, deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, en virtude da Resolución da Presidencia do 14 de xullo de 2023.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 77/103 |

E doutra, don José Portela Gómez-Macías, tenente de alcalde do Concello de Taboada, con NIF P2706000C e sede social na Praza General Muinelo, 1, CP 27550, Taboada, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Actuando don José Antonio Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

E actuando as partes en razóns das súas respectivas competencias e recoñecéndose poderes e facultades para formalizar a presente addenda,

*Expoñen*.

Primeiro.- O 29 de novembro de 2024 asinouse o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Taboada, para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "acondicionamento do espazo onde se localiza a feira-mercado tradicional de Taboada, coa instalación dunha pérgola", no Concello de Taboada.

Segundo.- A súa cláusula cuarta (Obrigas e compromisos das partes) establece o seguinte:
(...).
4.2. O Concello de Taboada
En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Taboada, comprométese ao seguinte:
(...).
3) O prazo de execución da actuación obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de outubro de 2025.
(...).

Terceiro.- A súa cláusula quinta (Réxime económico) establece o seguinte:
(...).
O prazo inicialmente previsto para que dende o Concello de Taboada se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 15 de novembro de 2025.

Cuarto.- O 5 de setembro de 2025, tivo entrada no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade escrito do representante legal do Concello de Taboada, no que, tras expoñer os motivos nos que funda o seu dereito, solicitou a tramitación do correspondente procedemento de modificación do convenio de referencia, para ampliar os prazos de: execución das actuacións que constitúen o seu obxecto e xustificación, ata o 30 de novembro e o 12 de decembro de 2025, respectivamente.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 78/103 |

Quinto.- En relación con esta solicitude, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, informouse favorablemente a dita modificación, ao abeiro do establecido na cláusula oitava do convenio.

A dita modificación, segundo o dito informe, levaríase a cabo a través da correspondente addenda, por considerar xustificado o motivo da solicitude, e acreditados: o interese común na dita modificación; que esta non altera as condicións esenciais do documento inicial; e que, así mesmo, cumpre cos requisitos de vixencia do convenio e os límites temporais establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, dende a Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación e Fomento, tendo en conta que mediaba a vontade das partes e que o convenio estaba vixente e que recollía a posibilidade da súa modificación, emitiuse informe xurídico favorable á mesma, no senso indicado no informe e nos borradores de proposta e addenda remitidos dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

De conformidade con estes antecedentes, as partes acordan modificar o convenio de cooperación de referencia, mediante esta addenda e de conformidade coas seguintes

*Estipulacións*.

Primeira.- A Cláusula cuarta.- Obrigas e compromisos das partes, queda redactada como segue:
4.1. Deputación Provincial de Lugo.
En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:
1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
2. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir proporcionalmente as achegas das partes.
Non obstante ditas baixas poderán utilizarse para financiar, no seu caso, ata o 10% do exceso de medicións recollido na certificación final.
4.2. O Concello de Taboada.
En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Taboada, comprométese ao seguinte:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 79/103 |

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido
2. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
3. O prazo de execución da actuación obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro de 2024 ata o 30 de novembro de 2025.
4. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución da actuación con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
5. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
6. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coa actuación obxecto deste convenio.
7. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial, a través da inclusión do logotipo do mesmo. Devandito logotipo seralle facilitado polo Gabinete de Comunicación desta Deputación.
8. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
9. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
10. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Segunda.- A Cláusula quinta.- Réxime económico, queda redactada como segue:
A) Achegas:
1.- Achega da Deputación:
A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 50.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 4190.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2024 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.
2.- Achega do Concello:
O Concello de Taboada efectuará unha achega de 2.495,09 € e financiará o importe que reste e sexa necesario para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.
B) Titularidade do resultado da cooperación.
O resultado da cooperación será do Concello de Taboada.
C) Xustificación da achega económica.
O prazo inicialmente previsto para que dende o Concello de Taboada se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 12 de decembro de 2025.
A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:
Memoria de actuacións realizadas.
Certificación expedida polo Secretario/ Interventor do Concello na que se recolla:
a) A relación clasificada de gastos da actuación obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 80/103 |

b) O custo total da actuación desenvolta e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos da actuación atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
c) Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.
e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución da actuación obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.
(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)
Resolución ou acordo de adxudicación.
Acta de recepción. Nos supostos en que a Intervención da comprobación material da inversión non sexa preceptiva a comprobación da inversión xustificarase coa acta de conformidade asinada polos que participaron na comprobación material da inversión ou coa certificación expedida polo Xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo có detalle necesario para a súa identificación, ou haberse executado a obra ou servizo con arranxo ás condiciones xerais e particulares que, en relación con elos, fosen previamente establecidas.
Declaración responsable emitida polo representante do Concello na que se recolla:
1. Que o Concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
2. Que o Concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
4. Destino dos bens (5 anos en obras e 2 anos en subministros e servizos)
(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 81/103 |

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.
Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.
Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Terceira.- As partes acordan a incorporación desta addenda ao texto do convenio interadministrativo de referencia, rexéndose aquela polas condicións estipuladas neste e formando parte del integrante.

O resto das cláusulas do convenio quedan inalteradas.

E para que así conste, en proba de conformidade de canto antecede, asinan a presente addenda, que consta de 6 páxinas numeradas, na data da sinatura electrónica, do que como secretario dou fe"

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**11.- PROPOSTA SOBRE A DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDEMENTO DE ALLEAMENTO DE PARCELAS, PROPIEDADE DA DEPUTACIÓN DE LUGO, NO POLÍGONO INDUSTRIAL "FEIRA DO MONTE", CONCELLO DE COSPEITO, MEDIANTE POXA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión ordinaria, celebrada o día 8 de agosto de 2025, aprobou iniciar a tramitación do procedemento para o alleamento de parcelas, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial "Feira do Monte" no Concello de Cospeito mediante poxa, así como aprobar o prego de cláusulas administrativas que rexerán este procedemento e proceder á publicación das bases que regularán o presente procedemento de alleamento.

O prego de cláusulas administrativas, reitor do procedemento, para o alleamento de parcelas, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial "Feira do Monte" no Concello de Cospeito foi publicado a través do Perfil do Contratante da Deputación de Lugo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público (www.contrataciondelestado.es), na data de 20 de agosto de 2025.

Vista a Acta da reunión da Mesa de Valoración, celebrada en data de 16 de setembro de 2025, con CSV IV7TEOJLJZZIYWPLY554CMRT44 na que se recolle que:

"Finalizado o acto público a Mesa de poxa acorda por unanimidade propoñer ao órgano de contratación a declaración de deserto do procedemento."




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 82/103 |

Visto informe emitido pola Sección de Patrimonio, en data de 18 de febreiro de 2022, con CSV IV7TGWYZEFBD7ZJMDVFHF5DDEU, no que se conclúe:

"De acordo co exposto, e en cumprimento do prego reitor do procedemento, procede a formulación da proposta de declaración de deserto do procedemento, para a súa aprobación pola Xunta de Goberno."

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno:

**1º.-** Declarar deserto o procedemento convocado para o alleamento, mediante poxa, das parcelas propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial "Feira do Monte" no Concello de Cospeito, ao non recibirse ofertas para concorrer a este procedemento.

**2º.-** Declarar que as parcelas ofertadas neste procedemento e que figuran relacionadas no prego reitor do procedemento, poderán ser obxecto de alleamento, mediante adxudicación directa, polo prezo tipo que figura no citado prego."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**12.- PROPOSTA RELATIVA AO ALLEAMENTO, POR ADXUDICACIÓN DIRECTA, DA PARCELA NÚMERO 31 DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE CASTROVERDE.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"En data de 1 de agosto de 2025, foi presentado un escrito por D. José Luis López González, en representación da empresa Frutas López Castroverde S.L, mediante o que expón que está interesado na adquisición da parcela número 31, situada no Polígono Industrial de Castroverde e solicita a súa adquisición por importe de 35.523,32 € máis IVE.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión ordinaria celebrada o día 23 de xullo de 2021, acordou iniciar a tramitación do procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial de Castroverde, mediante poxa, aprobando o prego de cláusulas administrativas reitor deste procedemento, que foi publicado no Boletín Oficial da




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 83/103 |

Provincia, número 172, de data de 29 de xullo de 2021 e modificado mediante Decreto de Presidencia, de data de 05 de agosto de 2021, ratificado pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en data de 6 de agosto de 2021 e publicado no Boletín Oficial da Provincia, número 182, de data de 10 de agosto de 2021.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión celebrada o día 10 de setembro de 2021, acordou a adxudicación da parcelas do Polígono Industrial de Castroverde aos interesados que se presentaron neste procedemento, de acordo co disposto no prego reitor do procedemento.

A parcela número 31 do Polígono Industrial de Castroverde non foi adxudicada neste procedemento.

Tras detectar diferenzas entre as superficies rexistrais e as superficies reais na zona na que se sitúa esta parcela no polígono industrial, en data de 21 de xullo de 2022 efectúase informe de validación gráfica desta zona que xa foi tramitado pola Dirección Xeral do Catastro e polo Rexistro da Propiedade, sendo a superficie – oitocentos sesenta e seis metros cadrados (866,00 $m^2$).

O prezo da parcela, tendo en conta a súa superficie real e o prezo por metro cadrado, que é corenta e un euros con dos céntimos (41,02 €) máis IVE, de acordo co prego reitor do procedemento, é o seguinte:

Parcela 31 – trinta e cinco mil cincocentos vinte e tres euros con trinta e dous céntimos (35.523,32€) máis IVE.

O prego de condicións que rexe no procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial de Castroverde, recolle na súa cláusula 20 :

"No caso de quedar vacante o alleamento da parcela, a Deputación poderá acordar a súa adxudicación directa ao mesmo prezo de licitación e coas mesmas condicións e obrigacións".

Visto o informe emitido pola Sección de Patrimonio, en data de 29 de setembro de 2025, con CSV: IV7TGXCN3E733HZPUXXWGFL7AE.

Visto o informe emitido pola Intervención, en data de 30 de setembro de 2025, con CSV: IV7TG2K4PB5JLXM62ZUWMVTWHY.

Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno:

**1º.-** Aprobar o alleamento, mediante adxudicación directa, da parcela número 31 do Polígono Industrial de Castroverde, a favor de Frutas López Castroverde S.L, polo importe de trinta e cinco mil cincocentos vinte e tres euros con trinta e dous céntimos (35.523,32 €) máis IVE con pago ao contado




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 84/103 |

**2º.-** Formalizar o contrato compraventa da parcela número 31 do Polígono Industrial de Castroverde, mediante o outorgamento de escritura pública de compraventa, a favor de Frutas López Castroverde S.L.

**3º.-** Proceder a dar de baixa no Libro Inventario de Bens desta Deputación Provincial a parcela número 31 do Polígono Industrial de Castroverde."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**13.- PROPOSTA RELATIVA AO ALLEAMENTO, POR ADXUDICACIÓN DIRECTA, DA PARCELA NÚMERO 40 DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE CASTROVERDE.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"En data de 15 de setembro de 2025, foi presentado un escrito por D. Marcos Quintás Ferreiro, en representación da empresa Metal Norte 2024 SLU, mediante o que expón que está interesado na adquisición da parcela número 40, situada no Polígono Industrial de Castroverde e solicita a súa adquisición por importe de 35.523,32 € máis IVE, mediante pago aprazado, con cotas trimestrais.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión ordinaria celebrada o día 23 de xullo de 2021, acordou iniciar a tramitación do procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial de Castroverde, mediante poxa, aprobando o prego de cláusulas administrativas reitor deste procedemento, que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia, número 172, de data de 29 de xullo de 2021 e modificado mediante Decreto de Presidencia, de data de 05 de agosto de 2021, ratificado pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en data de 6 de agosto de 2021 e publicado no Boletín Oficial da Provincia, número 182, de data de 10 de agosto de 2021.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión celebrada o día 10 de setembro de 2021, acordou a adxudicación da parcelas do Polígono Industrial de Castroverde aos interesados que se presentaron neste procedemento, de acordo co disposto no prego reitor do procedemento.




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 85/103 |

A parcela número 40 do Polígono Industrial de Castroverde non foi adxudicada neste procedemento.

Tras detectar diferenzas entre as superficies rexistrais e as superficies reais na zona na que se sitúa esta parcela no polígono industrial, en data de 21 de xullo de 2022 efectúase informe de validación gráfica desta zona que xa foi tramitado pola Dirección Xeral do Catastro e polo Rexistro da Propiedade, sendo a superficie – oitocentos sesenta e seis metros cadrados (866,00 $m^2$).

O prezo da parcela, tendo en conta a súa superficie real e o prezo por metro cadrado, que é corenta e un euros con dos céntimos (41,02 €) máis IVE, de acordo co prego reitor do procedemento, é o seguinte:

Parcela 40 – trinta e cinco mil cincocentos vinte e tres euros con trinta e dous céntimos (35.523,32 €) máis IVE.

O prego de condicións que rexe no procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial de Castroverde, recolle na súa cláusula 20 :

"No caso de quedar vacante o alleamento da parcela, a Deputación poderá acordar a súa adxudicación directa ao mesmo prezo de licitación e coas mesmas condicións e obrigacións".

Visto o informe emitido pola Sección de Patrimonio, en data de 29 de setembro de 2025, con CSV: IV7TGXAZD442J3WYRQ654NHDD4.

Visto o informe emitido pola Intervención, en data de 30 de setembro de 2025, con CSV: IV7TG2JC3FWYXOPY6IABC4KQOI.

Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno:

**1º.-** Aprobar o alleamento, mediante adxudicación directa, da parcela número 40 do Polígono Industrial de Castroverde, a favor de Metal Norte 2024 SLU, polo importe de trinta e cinco mil cincocentos vinte e tres euros con trinta e dous céntimos (35.523,32€) máis IVE con pago aprazado a cinco anos e cota trimestral, co devengo dos intereses correspondentes, de acordo co disposto na cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas, reitor do alleamento de parcelas de solo industrial, mediante poxa, publicado no BOP número 172, de 29 de xullo de 2021.

**2º.-** Formalizar o contrato compraventa da parcela número 40 do Polígono Industrial de Castroverde, mediante o outorgamento de escritura pública de compraventa, a favor de Metal Norte 2024 SLU.




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 86/103 |

**3º.-** Proceder a dar de baixa no Libro Inventario de Bens desta Deputación Provincial a parcela número 40 do Polígono Industrial de Castroverde.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS DE USO DOS HORTOS URBANOS DO PARQUE DO RATO, MEDIANTE CONCORRENCIA PÚBLICA.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Baixo a denominación de hortos urbanos do parque do Rato faise referencia as parcelas de titularidade provincial que están inscritas baixo o epígrafe un, folio oitenta e nove do Libro Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Deputación Provincial de Lugo, situadas no concello de Lugo e cualificadas xuridicamente como bens de dominio público, estando identificadas mediante as seguintes referencias catastrais:

| Lugar: Concello de Lugo | Referencia catastral |
|---|---|
| Parque do Rato | 27900A531000340000WE |
| Parque do Rato | 27900A531000330000WJ |
| Parque do Rato | 27900A531000350000WS |

Así consta no Certificado do Libro de Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Deputación, expedido o 9 de marzo de 2021, baixo o CSV: IV7H6YKTYBJSWSEDAQP4EASW6Y.

Á vista da incoación do inicio da tramitación do expediente 2025/XEN_01/003302 relativo á convocatoria para a concesión de autorizacións de uso Hortos urbanos do parque do Rato (7ª Fase) mediante concorrencia pública, de data de 25 de setembro de 2025, con CSV: IV7TEOLKFJB6TTXMTXWTIQLGGE, debido a existencia de hortos libres e que non existe listaxe de agarda para a obtención de autorizacións de uso dos hortos dispoñibles.

Tendo en conta a consecución dos obxectivos e finalidades deste procedemento, e o informe CSV: IV7TEMP3OBPSIS4LSLXWH5CBH4 de 25 de setembro de 2025, do Servizo de Medio Ambiente, que realiza a proposta de manter como bases deste novo



| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 87/103 |

procedemento de adxudicación de autorizacións de uso, as bases aprobadas en xunta de goberno de 20 de setembro de 2024, e feitas públicas mediante a súa publicación no BOP nº 227, de 30 de setembro de 2024, propoñendo a apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes por un período de 10 días hábiles, e a data de sorteo dos Hortos dispoñibles, dacordo co establecido nas Bases e no Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial e Lugo.

Polo exposto, en base ao expresado informe e de conformidade ás previsións contidas na lexislación patrimonial, en particular na Lei 33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas, do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, e o Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo publicado no BOP nº 156, de 9 de xullo de 2020, e nas Bases do procedemento, publicadas no BOP nº 227, de 30 de setembro de 2024 para a concesión de autorizacións de uso dos bens de dominio público provincial denominado hortos urbanos do parque do Rato, mediante concorrencia pública, proponse á Xunta de Goberno, a adopción dos seguintes acordos:

**1º.-** Realizar a convocatoria pública de participación para a solicitude de autorización de uso dos denominados hortos urbanos do parque do Rato mediante concorrencia pública, coa publicación do correspondente anuncio no BOP, tal e como establece o Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo.
Polo anterior ábrese o prazo de 10 días hábiles, dende o día seguinte a publicación deste anuncio no BOP, para a presentación de solicitudes para obter unha autorización de uso dun horto urbano do parque do Rato.

**2º.-** Establecer como as Bases que rexerán o anterior procedemento de concesión de autorizacións de uso dos hortos urbanos do parque do Rato, as publicadas no BOP nº 227, de 30 de setembro de 2024.

**3º.-** Fixar a data e hora do sorteo público dos Hortos dispoñibles, o próximo día 16 de febreiro de 2026, as 10:00 h. no Salón de actos da Deputación de Lugo, sito na rúa San Marcos nº 8 (Lugo), dacordo co establecido no punto 8.3 das Bases.

**4º.-** Publicar os modelos de solicitude, declaracións responsables e restante información da convocatoria, estando dispoñibles na web da Deputación de Lugo (https://www.deputacionlugo.gal/gl/temas/medioambiente/hortosrato), no servizo de Medio Ambiente, sito no Fogar de Santa María, na Ronda da Muralla 140 (Lugo) e na sede da Deputación de Lugo, na Rúa San Marcos, 8 (Lugo)"

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 15. PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBDOT-2024/116, OUTORGADA




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 88/103 |

**DENTRO DO PROGRAMA PARA A DOTACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS COMUNITARIOS PARA O ANO 2024.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Cooperación e Asistencia cos Concellos, do seguinte teor:

"Primeiro.- Con data 27 de decembro de 2024 a Xunta de Goberno, con base na proposta da Comisión de valoración, acordou aprobar a proposta de resolución provisional da concesión das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, dentro do "Programa para a dotación e mellora de servizos comunitarios para o ano 2024", de acordo aos criterios de valoración establecidos na Base 10. Criterios de valoración, das Bases para o desenvolvemento do programa.

Segundo.- Unha vez finalizado o trámite de audiencia sen que se formulasen alegacións, dito acordo de resolución provisional ten carácter definitivo. Na antedita proposta inclúese a solicitude tramitada co número de expediente SUBDOT-2024/116, correspondente á AA.VV. de Corbelle as obras de "Rehabilitación e adaptación baños Local Social", concedéndolle unha subvención por importe de 5.053,52 €.

Terceiro.- Por Resolución da Presidencia de data 02 de xuño de 2025 resolveuse aprobar a solicitude de anticipo por importe de 2.526,76 € (50% da subvención concedida), así como o aboamento do mesmo.

Cuarto.- A AA.VV. de Corbelle, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 27 de decembro de 2024.

Quinto.- Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:





| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 89/103 |

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 27 de decembro de 2024 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da AA.VV. de Corbelle (Vilalba), tramitada co número de expediente SUBDOT-2024/116, destinada ás obras de "Rehabilitación e adaptación baños Local Social" por un importe de 5.053,52 €, así como o aboamento de 2.526,76 € correspondentes ao 50% restante da subvención concedida."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ESTIMACIÓN DA SOLICITUDE DO CONCELLO DE MONTERROSO DA MODIFICACIÓN E SUBSTITUCIÓN DE ACTIVIDADE DEPORTIVA PREVISTA DENTRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025.**

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

"Vista a solicitude de nº expediente: 2025/PES_03/016619 e nº rexistro 2025RPE014037 de data 05/09/2025 10:18:35 polo alcalde do Concello de Monterroso no que expón "...Que por motivos organizativos non se vai facer a actividade "IV Memorial Xosé Antonio López" . Así pois, esta actuación substituirase por "XII Concentración motera" cun custo total de 6.033,78 €. Isto supón que quede pendente a asignación orzamentaria para outra actuación por importe de 1.347,22 €. Solicítase: A modificación do programa de actividades deportivas nos termos expostos."".

Á vista do informe do servizo de Deporte do seguinte teor literal:

"Informe relativo a solicitude do Alcalde do Concello de Monterroso de destinar os fondos concedidos para a realización das actuacións recollidas dentro do "Programa de celebración de actividades deportivas" á execución das actuacións "Actividades deportivas: divírtete entre motos e memorial Xosé Antonio López", do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025.

Vista a solicitude de nº expediente: 2025/PES_03/016619 e nº rexistro 2025RPE014037 de data 05/09/2025 10:18:35 polo alcalde do Concello de Monterroso no que expón "...Que por motivos organizativos non se vai facer a actividade "IV Memorial Xosé Antonio López". Así pois, esta actuación substituirase por "XII Concentración motera" cun custo total de 6.033,78 €. Isto supón que quede pendente a asignación orzamentaria para outra actuación por importe de 1.347,22 €.

Solicítase: A modificación do programa de actividades deportivas nos termos expostos.", emítese o seguinte informe,

*Antecedentes*.




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 90/103 |

Primeiro. O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrado o 27 de decembro de 2024, acordou a aprobación das Bases do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025, publicadas no BOP nº 004, do martes 07 de xaneiro de 2025.
A base 21ª determina que:
A xestión do Plan único será levada a cabo polos seguintes servizos da Deputación:
(...)
e. Programa de actividades deportivas: Area de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica.- Servizo de Deportes
Pola súa parte, a Base B.5.- Programa de actividades deportivas, reflicte que con carácter xeral os concellos poderán destinar, a actividades deportivas, con cargo ao Plan Deputación 2025 da Deputación de Lugo a cantidade que cada Concello determine, fixándose un gasto mínimo por actividade de 1.500,00€, non podendo solicitar actividades con gasto inferior, correspondentes ao exercicio natural de 2025.
Atenderase ao establecido na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, en canto ás competencias e funcións atribuídas aos Concellos e ás Deputacións.

Segundo.- O alcalde do Concello de Monterroso presentou, en data 06/02/2025 13:53:07 e nº de expediente 2025/PPC_05/000047, solicitude de participación no Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025.
No relativo ao Programa de actividades deportivas, o Concello de Monterroso formulaba como actividades a desenvolver "Actividades deportivas: Divírtete entre motos e Memorial Xosé Antonio López", cunha achega da Deputación Provincial por importe total de nove mil setecentos trinta e un euros (9.731,00 €).

Terceiro.- O Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión extraordinaria celebrada o 25 de marzo de 2025, acordou a aprobación do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025, no que se contempla unha achega de nove mil setecentos trinta e un euros (9.731,00 €) para a Programa de actividades deportivas: "Actividades deportivas: Divírtete entre motos e Memorial Xosé Antonio López".

Cuarto.- O alcalde do Concello de Monterroso solicita destinar o importe concedido de nove mil setecentos trinta e un euros (9.731,00 €) para a realización das actuacións recollidas no Programa de actividades deportivas: "Actividades deportivas: Divírtete entre motos e Memorial Xosé Antonio López" á execución das seguintes actividades: "Divírtete entre motos e XII Concentración motera".




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 91/103 |

Por tanto, á vista do indicado, a modificación solicitada afectaría ao importe destinado ao contido da actividade especifica a realizar, pero non á sua tipoloxía e ao seu carácter deportivo.

Quinto.- Ha de terse en conta que o Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025 contempla, na súa Base 16.2. Resto programas, que os concellos poderán solicitar motivadamente a modificación/substitución das actividades, actuacións ou eventos, na data límite do 01/12/2025, respectando en todo caso a mesma finalidade, e por consecuencia a aplicación orzamentaria, e que será tramitada por cada unidade xestora dos distintos programas e aprobada, de proceder, pola Xunta de Goberno da Deputación.
Cómpre lembrar que segundo o reflectido na Base 17.7 do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025 "a efectos de xustificación deberá presentarse no Rexistro Xeral da Deputación na data límite do 31 de marzo de 2026, a conta xustificativa."

Sexto.- E que así mesmo, as Bases do referido Plan prevén na súa Base 15.2 que "Os remanentes ou aforros producidos en cada programa, poderán ser utilizados en outras actividades, eventos ou actuacións, sempre que sexan da mesma tipoloxía e non supoña modificación orzamentaria (é dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que aquel no que se producira a baixa ou aforro) previa proposta do Concello presentada na data límite do 01/12/2025 e aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación. Cada área xestora tramitará a concesión de aforros ou remanentes producidos, de ser o caso."
Non consta na presente solicitude, petición e proposta do Concello de Monterroso de destino dos aforros ou remanentes producidos, para no seu caso, seren utilizados noutras actividades, tendo en conta que o importe aprobado dentro do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025 ascendería a nove mil setecentos trinta e un euros (9.731,00 €), e respectivamente, o importe da actividade agora formulada ascende a oito mil trescentos oitenta e tres euros con setenta e oito céntimos (8.383,78 €).

Sétimo.- No relativo ao órgano de aprobación, cabería concluír que por analoxía e para supostos de solicitudes coma o que se propón por parte do Concello de Monterroso, debería entenderse a Xunta de Goberno como órgano competente para estimar ou desestimar as solicitudes de cambio de realización de actividades contempladas no Plan Único.

Así mesmo, cómpre lembrar o previsto no o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que no seu artigo 172 dispón expresamente que "os créditos para gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a cal houberan sido autorizados no presuposto xeral da entidade local ou polas súas modificacións debidamente aprobadas".




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 92/103 |

En consecuencia, á vista do exposto e a xuízo de quen asina, procedería estimar a solicitude formulada polo Concello de Monterroso para "Divírtete entre motos e XII Concentración motera", por entender que cumpriría cos requisitos previstos nas Bases do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025, dado que a modificación proposta relativa a destinar os importes da achega provincial para o programa de actividade deportivas por importe de oito mil trescentos oitenta e tres euros con setenta e oito céntimos (8.383,78 €) suporía no seu caso a realización de actividades que serían da mesma tipoloxía, tendo en conta que a actividade proposta, se axustaría ao fomento de actividades deportivas de mantemento e exercicio físico e de promoción de hábitos saudables, e entendendo por tanto, - e a salvo da valoración por parte do servizo de Intervención respecto desta cuestión-, que non suporían unha modificación orzamentaria.

Tal é o que procede informar ao respecto, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en Dereito.".

Á vista do informe do servizo de Intervención.

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

Estimar, en base ao establecido na Base 15.2 do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025, a solicitude do alcalde do Concello de Monterroso de modificación de actividades deportivas para destinar os fondos ás actividades "Divírtete entre motos e XII Concentración motera", por entender que cumpriría cos requisitos previstos nas Bases do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos 2025, dado que a modificación proposta consistiría na realización de actividades que serían da mesma tipoloxía e non suporían modificación orzamentaria."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**17.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2024.**

Logo de ver os expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 93/103 |

proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 28 de xuño de 2024, onde se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 058 do 09 de marzo de 2024, para a concesión de subvencións destinadas á entidades de actividades deportivas; e vista a renuncia presentada polo beneficiario que se indica a continuación, así como o informe do Servizo de Deportes, e a proposta do Vicepresidente, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

Aceptar a renuncia presentada polo beneficiario que a continuación se relaciona polo importe que así mesmo se indica:

| NOME ENTIDADE | NOME ACTIVIDADE | SUBVENCIÓN |
|---|---|---|
| CLUB DE TIRO SAN ROQUE | COPA DEPUTACIÓN TIRO OLÍMPICO | 784,00 |

**18.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA O INGRESO EN TRES (3) PRAZAS DENOMINADAS PEÓN/ PEOA DE GRANXA, DE PERSOAL LABORAL FIXO NA DEPUTACIÓN DE LUGO, DÚAS (2) INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 REFUNDIDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2023, B. RÉXIME XURÍDICO LABORAL, B.1. COTA XERAL; E UNHA (1) NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2024, APARTADO 1 PRAZAS DE ACCESO LIBRE IA TAXA ORDINARIA DE REPOSICIÓN DE EFECTIVOS, IA) 2 RÉXIME XURÍDICO LABORAL, COTA XERAL POLO SISTEMA DE CONCURSO OPOSICIÓN LIBRE.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"*1. Obxecto da convocatoria.*

O obxecto desta convocatoria é aprobar as bases específicas que complementarán ás bases xerais publicadas no BOP nº 101 de 06.05.2021 e proceder a convocar o proceso selectivo para cubrir definitivamente as prazas do cadro de persoal laboral que a continuación se indican, vacantes e dotadas, dúas (2) incluídas na Oferta de Emprego Publico para o ano 2022, aprobada por resolución da presidencia de 25 de maio de 2022 publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 120 do 27.05.2022 incluída na refundición da Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2023, aprobada por resolución da presidencia de 28.12.2023 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 298, do 30.12.2023, corrixida por resolución da presidencia do 15 de xaneiro de 2024 (BOP núm. 015 do 18.01.2024) e modificada por resolución da presidencia de data 16.07.2024 (BOP núm. 165 do 17.07.2024), figura no apartado segundo refundición prazas oferta emprego taxa xeral acceso libre anos 2021 e 2022, B. Réxime xurídico laboral, B.1 Cota xeral; e unha (1) incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2024, aprobada por resolución da presidencia do 27.12.2024 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 301, do 31.12.2024, figura no apartado 1 Prazas de




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 94/103 |

acceso libre IA taxa ordinaria de reposición de efectivos, IA)2 Réxime xurídico laboral, cota xeral, polo sistema de concurso oposición libre.

2. Caracterización das prazas.

| Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN | OEP | Nº PRAZA | DENOMINACIÓN PRAZA | Nº POSTO | DENOMINACIÓN POSTO | GRUPO SUBGRUPO | COTA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2 | 2022 | I66<br>I64 | Peón/a granxa | I67<br>I66 | Peón/a granxa entrada | AP | Xeral |
| 1 | 2024 | 3397 | Peón/a granxa | 1818 | Peón/a granxa entrada | AP | Xeral |

*3. Normativa de aplicación.*

As convocatorias e as bases dos procesos selectivos para o ingreso como persoal laboral están sometidos a normativa vixente:

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
Lei 30/1984, de 2 de agosto de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).
Real decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
Real decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TRLEBEP).
Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores (ET).
Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (LEPG).
Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.
Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos da Entidade (BOP número 226, do 30.09.2006) da Deputación Provincial de Lugo.
Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 95/103 |

Orde PJC/804/2025, do 23 de xullo, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de medios e tempos e a realización doutros axustes razoables nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.
Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro de 2020)
Acordo Marco Único para persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 026 do 31.01.1991) e as súas posteriores modificacións.
Convenio colectivo para persoa laboral da Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 200, do 30.08.1990) e as súas posteriores modificacións.
Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).
Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDCP).

*4. Consideracións xurídicas e técnicas.*

A) Convocatoria.
As prazas que se pretenden convocar están incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, refundida na oferta de emprego público do ano 2023 apartado segundo refundición prazas ofertas emprego taxa xeral acceso libre anos 2021 e 2022; e na oferta de emprego público do ano 2024 apartado 1 taxa ordinaria , non estando caducada por non transcorrer o prazo de tres anos dende a súa publicación no BOP, figurando no cadro de persoal laboral como vacantes dotadas, cumpríndose o sinalado no:
Artigo 70 do TRLEBEP, que sinala: "(…) a execución da Oferta de Emprego Público (...) deberá desenvolverse dentro do prazo improrrogable de tres anos".
Artigo 91.2 da LRBRL "a selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de (…), oposición ou concurso-oposición libre, nos que se garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade".

B) Sistema selectivo.
O Sistema selectivo ao que debe acudirse é o concurso-oposición, cumprindo a normativa e acordos que a continuación se sinalan:
O Artigo 31.2 do Convenio Colectivo Único para persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo: "Toda selección de persoal laboral fixo deberá realizarse de conformidade con dicha Oferta (Oferta de Emprego Público) mediante convocatoria pública e a través dos sistemas de concurso, oposición ou concurso–oposición nos que se garanta os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade"
Artigo 61.6 do TRLEBEP: "os sistemas selectivos de funcionarios de carreira serán os de oposición e concurso-oposición (…). Só en virtude de lei poderá aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso (…)".




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 96/103 |

Artigo 171.2 do TRRL: "O ingreso nesta Subescala (Administración Especial) farase por oposición, concurso ou concurso-oposición libre, segundo acorde a Corporación respectiva, e requirirase estar en posesión do título académico ou profesional correspondente á clase ou especialidade de que se trate…".
Artigo 8.4 do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos (BOP 226 de 30.09.2006), que sinala:
"Na Subescala de Servizos Especiais as plazas de Labores Especiais se provistarán así mesmo polo sistema de oposición libre con carácter xeral, salvo nos supostos debidamente motivados, en que a aptitude específica propia desta Subescala esixa coñecementos, habilidades e aptitudes que deban ser acreditados necesariamente na fase de concurso, nese caso o procedemento de selección será o concurso-oposición."
Acordo alcanzado na Mexa Xeral de Negociación, do 11 de outubro de 2018, coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da Entidade, de xeito unánime, tense establecido que os procesos selectivos de prazas, correspondentes a acceso libre e recollidas nas Ofertas de Emprego Público, sempre que así se estableza na normativa de aplicación utilizarase preferentemente o sistema selectivo de concurso-oposición.
Motívase e fundaméntase a decisión de acudir ao concurso-oposición nos seguintes aspectos:
a) A valoración da experiencia profesional adquirida polas persoas aspirantes no desempeño das funcións que se corresponden co posto de traballo vinculado á praza que se convoca (xa fora esta adquirida ao servizo da Deputación provincial de Lugo ou doutra Administración pública, ou incluso en entidades privadas) presupón unha maior garantía dun mellor desempeño do traballo das persoas aspirantes, a igualdade de coñecementos acreditados na fase de oposición, o que redundará en beneficio da organización ao precisarse menor tempo de adaptación aos requirimentos do posto para o seu desempeño eficaz e eficiente.
b) Do mesmo xeito, a formación específica, sexa regulada ou complementaria, previa ao ingreso, relacionada coas funcións e tarefas da praza que se convoca e do seu correspondente posto de traballo, tamén é beneficioso para o desempeño destas.

C) Grupo/subgrupo e clasificación.
A praza de Peón/a Granxa pertence a Agrupacións Profesionais (AP) (disposición adicional sexta do TREBEP, por remisión do convenio colectivo único da Deputación Provincial de Lugo).

D) Requisitos de participación.




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 97/103 |

As persoas aspirantes deberán cumprir os requisitos sinalados no artigo 56 do TRLEBEP e posuír a titulación académica de acordo co apartado c) do art. 135, do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril; polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto: e coa disposición adicional sexta do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido la Lei do estatuto básico do empregado público (EBEP), non será necesario estar en posesión de ningunha titulación académica oficial.

E) Aprobación da convocatoria e bases.
A convocatoria e a aprobación das bases específicas deberá realizarse por acordo da Xunta de Goberno conforme ao establecido no art. 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo.
As bases xerais que rexerán o proceso selectivo son as aprobadas pola Xunta de Goberno, de data 12/03/2021, e publicadas no BOP número 101 de 6 de maio de 2021.

F) Cumprimento da legalidade.
O procedemento selectivo:
a) Garante a libre concorrencia así como os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade cumprindo o sinalado nos seguintes artigos:
Artigo 55.1 do TRLEBEP: "todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico"
Artigo 55.2 do TRLEBEP: "as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:
a) Publicidade das convocatorias e das súas bases.
b) Transparencia.
c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.
d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.
f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.".
Artigo 61.1 do TRLEBP: "os procesos selectivos terán carácter aberto, garantindo a libre concorrencia sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas.
b) Recolle o contido esixido no RD 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.
c) Respectan a porcentaxe máxima para a fase de concurso (40% da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo) sinalada respecto da puntuación total que se determina o artigo 56, apartado 3 da LEPG.

*5. Proposta de acordo.*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 98/103 |

Visto o disposto pola normativa de aplicación e considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP núm. 202, do 3 de setembro de 2020, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar as bases específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso – oposición libre, para o ingreso como persoal laboral, na Deputación Provincial de Lugo, nas seguintes prazas vacantes, dotadas orzamentariamente, dúas (2) incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 (BOP núm. 120 do 27.05.2022), refundidas na Oferta de Emprego Público do ano 2023 – apartado segundo refundición prazas ofertas emprego taxa xeral acceso libre anos 2021 e 2022, B. Réxime xurídico laboral, B.1 Cota xeral (BOP núm. 298, do 30.12.2023) e unha (1) incluída na Oferta de Emprego Público do ano 2024, figurando no apartado 1 prazas acceso libre IA taxa ordinaria de reposición de efectivos, IA)2 réxime xurídico laboral, cota xeral (BOP núm. 301, do 31.12.2024):

| Nº PRAZAS QUE SE CONVOCAN | OEP | Nº PRAZA | DENOMINACIÓN PRAZA | Nº POSTO | DENOMINACIÓN POSTO | GRUPO SUBGRUPO | COTA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2 | 2022 | I66<br>I64 | Peón/a granxa | I67<br>I66 | Peón/a granxa entrada | AP | Xeral |
| 1 | 2024 | 3397 | Peón/a granxa | 1818 | Peón/a granxa entrada | AP | Xeral |

As bases específicas complementarán as bases xerais, que rexerán neste procedemento selectivo, aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 12 de marzo de 2021 e publicadas no BOP núm. 101, do 06.05.2021.

**2º.-** Convocar publicamente a quen desexe participar no proceso selectivo.

**3º.-** Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP), enviando extracto da convocatoria ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e Boletín Oficial do Estado (BOE), sendo a publicación no BOE a que dará inicio ao prazo de presentación de solicitudes.”




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 99/103 |

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**19.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 227/2025-S.**

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

"En relación co oficio remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, no Procedemento Abreviado 227/2025-S polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade, o expediente administrativo do devandito recurso, seguido a instancia de Helvetia Cia Suiza SA de Seguros y Reaseguros fronte á desestimación da reclamación formulada no expediente de responsabilidade patrimonial nº 23/2025 derivado dun accidente de circulación ao irrumpir un xabaril na calzada LU-P 1611.

Visto o anterior, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

**1º.-** A comparecencia desta entidade no recurso contencioso- administrativo referenciado.

**2º.-** A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, pola unidade administrativa encargada da súa elaboración.

**3º.-** O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**20.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

*Dación de conta do decreto da Presidencia de data 26 de setembro de 2025.*

Dase conta do decreto relativo á prórroga do acordo da concesión demanial entre a Deputación de Lugo e Terras de Lugo SL. do ben provincial denominado Área Recreativa Os Robles no Concello de Lugo.

A Xunta de Goberno queda enterada.

**A S U N T O  D E  U R X E N C I A**

Fóra da Orde do Día, e previa declaración de urxencia acordada por unanimidade dos asistentes, adoptouse o seguinte acordo:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 100/103 |

DEPUTACIÓN DE LUGO

**Informe do órgano de contratación relativo ao recurso especial en materia de contratación nº 7/2025.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Emítese o informe solicitado polo Tribunal Administrativo de recursos Contractuais da Deputación de Lugo con atención ós seguintes:

*Antecedentes de feito.*

Para os efectos da emisión do presente informe, constan como antecedentes inmediatos, ademais do expediente administrativo, os seguintes feitos e documentos:

Expediente administrativo, así como as actas referidas ás diferentes mesas de contratación celebradas ata chegar á adxudicación do contrato.
Recurso fronte os pregos por parte Herbecon Systems, S.L. interposto o 23 de setembro de 2025.
Informe da unidade xestora con CSV: IV7TGCBMBNN7LFPCUFUDPYP7IA, sobre as cuestións plantexadas no recurso.
Considerando o anterior e visto o contido do recurso entendemos procedente informar:

*Lexislación aplicable.*

Lei de contratos do sector Público 9/2017 pola que se traspoñen as directivas comunitarias en materia de contratación pública.
Lei 39/2015 do procedemento administrativo común.

*Consideracións.*

A competencia para emisión do informe, corresponde neste caso a Xunta de goberno que actúa como órgano de contratación na aprobación do expediente.
Asimesmo, o presente se someterá ó conforme da secretaria xeral a tenor do disposto na disposición Adicional 3ª de la LCSP y del Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, por el que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 101/103 |

A) dende o punto de vista formal.
Consta a lexitimación da recorrente a teor do disposto no art 48 da LCSP e a interposición en prazo, considerando a publicación da adxudicación o 19 de setembro de 2025 e a interposición o 23 do mesmo mes e ano.

B) Respecto do Fondo.
Dacordo coa documentación obrante no expediente, e vistas as alegacións do recorrente, requiriuse informe da unidade xestora que emitiu con CSV: IV7TGCBMBNN7LFPCUFUDPYP7IA sinalando:
"O recurso presentado por Herbecon Systems, S.L. sinala que o alcance da certificación debe ser sobre o obxecto do contrato e as prestacións que vai realizar, indicando que non existe, por parte de Orange Espagne, una certificación de conformidade de ENS en un alcance concreto para la prestación de un servicio de Sistema de fichaxe e control horario e que ademáis que a empresa matriz teña un ENS "panorámico" non suple a falta de conformidade do servizo concreto.
Tendo en conta esta reclamación, consideramos que efectivamente está aliñada co indicado na Guía CCNSTIC- 809 a conformidade ENS se certifica por un sistema ou servizo cun alcance definido, desta forma a pesar dos certificados presentados por Orange Espagne, SAU de cumprimento e conformidade do ENS, ningún deles contempla o alcance dos servizos que se ofrecen neste contrato, nin tampouco o suple o dispor dun certificado ENS noutro alcance a pesar de ser este de nivel alto.
Polo tanto, analizada e contrastada a información aportada polo recurso, consideramos que sería preciso que a empresa que se propoña como adxudicataria, para cumprir co PPT, presente unha certificación a conformidade do ENS como mínimo de nivel medio nun alcance relacionado ou similar co servizo de control horario e control de presenza, que é o que se pretende implementar con este contrato.
Desta forma, tal e como sinala o artigo 2.3 do Real Decreto 311/2022 a empresa adxudicataria debe acreditar a conformidade dos servizos prestados en cumprimento de ENS, tanto o seu como o das súa subcontratas e a forma de acreditalo é a través dun certificado de conformidade; ademais esta certificación ten que corresponderse a un alcance que englobe os servizo obxecto do contrato, neste caso o certificado debería ter un alcance/servizo directamente relacionado co sistema de control de horario e fichaxe ofertado."

Do dito informe, froito do recurso e tras a súa interposición, afloran razoamentos de profundo calado técnico, dos que se derivan dúbidas razoables sobre o grao de esixencia que o órgano de contratación pode impor na satisfacción do requisito relativo á certificación no Esquema Nacional de Seguridade, non só no alcance do contrato, senón tamén na súa íntegra prestación, que se compón de aspectos de *hardware*, *software* e seguridade integral no funcionamento das solucións ofertadas polos licitadores.

Polo tanto, que unicamente o TARCLU poderá resolver dita cuestión, con pleno respecto aos principios de congruencia, audiencia e contradición, especialmente, como consecuencia da análise das alegacións que puideran realizar os demais




| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 102/103 |

interesados no procedemento, unha vez practicado o preceptivo trámite de audiencia no recurso, a tenor do disposto no artigo 56 da LCSP.

2.- Respecto da solicitude de suspensión.

Entendemos o tribunal decidirá sobre a dita medida cautelar no exercicio das súas competencias manténdose a suspensión que opera ope legis ata que se produza dito pronunciamento expreso.

3.- Por tanto, proponse a Xunta de Goberno a asunción do presente se así o estima oportuno, como informe do órgano de contratación concluíndo:

**1º.**-Que visto os termos do recurso e o informado pola unidade xestora existen incertezas fundadas respecto da satisfacción do requisito relativo á certificación no ENS no marco do presente contrato , que téndose formulado con concreción técnica con posterioridade á celebración das mesas de contratación e a adopción dos acordos impugnados, corresponde resolver ó tribunal administrativo escoitados o resto de licitadores no tramite de audiencia ós interesados previsto no artigo 56 da LCSP.

**2º.**- Dar traslado do presente como informe do órgano de contratación reclamado polo TARCLU, xunto co resto do expediente.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**21.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.

**O PRESIDENTE,**

**A SECRETARIA**




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Fecha y Hora | 07/10/2025 13:15:42 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ | | |
| Firmado por | EFRÉN CASTRO CALOTO (Vicepresidente) | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7THS32N5H3XXUKWUPV4AIAOQ | Página | 103/103 |